

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ORDE do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión das axudas aos investimentos en sistemas de xestión de estercos en gandería, á transformación integral e modernización de invernadoiros, aos investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovables e á aplicación de agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro, e se convocan para o ano 2022 (códigos de procedemento MR406D, MR406E, MR406F e MR406G), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

A irrupción da epidemia provocada pola COVID-19 supuxo no ámbito mundial unha crise sanitaria, económica e social sen precedentes. En consecuencia, o escenario na economía mundial sufriu un cambio radical, dando lugar a unha recesión de grandes dimensións na maior parte do mundo.

Co fin de paliar na medida do posible os danos económicos e sociais acaecidos pola pandemia na contorna europea, a Comisión Europea, o Parlamento e o Consello Europeo acordaron un plan de recuperación encamiñado a facilitar a resposta e a saída da crise, baseado nun paquete de estímulo financeiros.

O novo fondo de recuperación «Next Generation», cuxo elemento principal é o «Mecanismo de recuperación e resiliencia», concentra o groso dos recursos financeiros e permitirá a España obter máis de 59.000 millóns de euros en transferencias entre 2021-2023 en forma de axuda non reembolsable.

De acordo cos obxectivos do marco normativo desenvolto no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, que establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, estes fondos destinaranse a apoiar as reformas e investimentos necesarios para unha recuperación duradeira, mellorar a resiliencia económica e social e apoiar a transición verde e dixital nos Estados membros. Para iso, hanse de levar a cabo actuacións dirixidas, entre outras finalidades, á transición ecolóxica, á transformación dixital ou ao crecemento intelixente, sustentable e integrador, que inclúa a cohesión económica, o emprego, a produtividade, a competitividade, a investigación, o desenvolvemento e a innovación.

CVE-DOG: e9vzpcf6-k8v4-7ez0-fly0-f4ga1nzon3r4



Estas medidas concretáronse no Plan de recuperación transformación e resiliencia, aprobado polo Consello con data do 13 de xullo de 2021, que foi enviado á Comisión Europea o 30 de abril de 2021 logo da aprobación polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021 (BOE do 30 de abril), incluíndo a actuación que se formaliza xuridicamente a través do Real decreto 948/2021, do 2 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas estatais destinadas á execución de proxectos de investimento dentro do Plan de impulso da sustentabilidade e competitividade da agricultura e a gandería (III) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Este real decreto incardínase en concreto no investimento 4 do compoñente 3 do plan (é dicir, o acrónimo C3.I4): «Plan de Impulso da sustentabilidade e competitividade da agricultura e a gandería (III): Investimentos en agricultura de precisión, eficiencia enerxética e economía circular no sector agrícola e gandeiro».

O devandito plan ten como elemento central catro programas de apoio para o financiamento de plans de investimento destinados á execución de proxectos estratéxicos para a posta en marcha de novos sistemas de xestión dos esterco en gandería, a transformación integral e modernización nos invernadoiros de produción de hortalizas, flor cortada e planta ornamental, acelerar a modernización dos equipos e a adopción de tecnoloxías de precisión, mellorar a eficiencia enerxética e impulsar o uso e desenvolvemento de sistemas de abastecemento con enerxías renovables en explotacións agrícolas e gandeiras.

O obxectivo é adoptar as reformas estruturais necesarias alcanzando un nivel de investimento que promova o cambio no modelo de produción agrícola e gandeira con resultados beneficiosos para a sociedade, a economía e o ambiente.

Para responder a estes retos prográmanse unha serie de actuacións que contribuirán decisivamente a mellorar a resiliencia do sector e á mellora da súa competitividade, á vez que contribúen á consecución dos obxectivos do clima, á conservación do ambiente e á descarbonización do sector agrícola e gandeiro, apoiando a articulación de medidas recollidas no Plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030 e noutros plans e programas ambientais.

Con este propósito definíronse un conxunto de investimentos que se recollen no programa de apoio para o establecemento de novos sistemas de xestión de esterco en gandería. Perséguese así favorecer a redución das emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro nos sectores gandeiros, ben mediante actuacións relacionadas coa adapta-

CVE-DOG: e9wzpcfb-k8v4-7ez0-ftyo-14ga1nzon3r4



ción ou cubrición das balsas exteriores de esterco con ou sen aproveitamento enerxético na propia explotación, ben mediante investimentos orientados á mellora da xestión e aproveitamento dos esterco relacionados co tratamento ou valorización das dexeccións gandeiras.

As prioridades do marco xeral do Plan de recuperación, transformación e resiliencia permitiron a definición dunha liña de investimentos específica para dar resposta ás necesidades de mellora da competitividade e sustentabilidade dos produtores de cultivo baixo invernadoiro nos sectores de hortalizas, flor cortada e planta ornamental, favorecendo así unha adecuada transición ecolóxica.

Tamén, en atención ás orientacións descritas no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia e, tras avaliar aqueles aspectos cuxa mellora ou cambio facilite unha transformación e impulso da transición enerxética do sector agrario, considerouse conveniente apoiar investimentos, no ámbito das explotacións agropecuarias, encamiñadas a mellorar a eficiencia enerxética, así como a xeración de enerxía a partir de fontes renovables, en particular biogás e biomasa agrícola.

O incremento da eficiencia enerxética das instalacións, edificios e naves auxiliares das explotacións; o fomento da economía circular a través da valorización enerxética das dexeccións na gandería para obter biogás a partir do esterco que sirva para o autoconsumo enerxético nas granxas e as actuacións en materia de xestión, provisión e acondicionamento de biomasa de orixe agrícola permitirán reducir o consumo final de enerxía fósil nas explotacións agropecuarias.

Desta forma, favorécese a mellora da competitividade das explotacións, á vez que se contribúe ao logro dos obxectivos nacionais que se fixan tanto no Plan nacional integrado de enerxía e clima, como no Programa nacional de control da contaminación atmosférica, en materia de aforro enerxético, redución de emisións e no relativo ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables que se establece no 42 % a nivel nacional, e que tamén recolle o obxectivo vinculante de alcanzar un uso do 32 % deste tipo de enerxías na UE en 2030.

Por último, o cuarto programa de apoio vai dirixido á agricultura e gandería de precisión, que poden contribuír de maneira significativa á seguridade alimentaria, á inocuidade dos alimentos, e a promover unhas prácticas agrarias máis sustentables. A revolución dixital será fundamental na loita contra o cambio climático, polo que se necesita impulsar o des-



envolvemento e implantación das devanditas tecnoloxías, a difusión da súa utilidade e a formación de usuarios para aproveitar todo o seu potencial.

Así, o Plan de recuperación, transformación e resiliencia dota unha liña específica para acelerar a modernización dos equipos e o uso destas tecnoloxías que permitan unha utilización máis eficiente dos recursos naturais nos procesos produtivos e a incorporación de equipamento máis eficiente enerxéticamente, aumentando o rendemento ambiental do sector agrario.

A agricultura de precisión é un modelo que se desprega en todos os sistemas de produción agraria, permitindo aos produtores incorporalo ás súas explotacións. As actuacións previstas neste programa inclúen un amplo abano de equipamentos, dispositivos e aplicacións software con alcance tecnolóxico diverso, que poden combinarse en proxectos de investimento dirixidos ao cumprimento dos obxectivos do Pacto Verde neste sector. Abarca distintos niveis de tecnificación, desde sensores, procesadores e controis cuxa misión sexa o guiado da máquina, o traballo variable, o mapeo, o rexistro de datos ou o desencadeamento dunha reacción concreta na máquina, a estes tres obxectivos conxuntamente, ou á interacción ou comunicación destes elementos en distintas máquinas. Os beneficiarios desta liña poderán presentar solicitudes que vehiculen a escalada tecnolóxica necesaria para alcanzar uns obxectivos concretos de sustentabilidade nas súas explotacións, considerando as condicións das que parten.

Cabe destacar que estas axudas contribuirán ao mantemento da actividade no campo. Un abandono da actividade agraria, en particular en determinadas zonas sen alternativas, aumentando ademais a fenda dixital e o desequilibrio poboacional, é un escenario peor que un agro dotado de ferramentas eficientes para practicar unha agricultura de precisión, máis sustentable, xeradora de ingresos e valor engadido, e creadora de emprego directo e indirecto no medio rural.

Considerando que os potenciais beneficiarios destes programas de apoio presentan unhas características derivadas da súa dedicación profesional e tendo en conta, ademais, que a maioría dos produtores han de empregar medios electrónicos para cumprir coas súas obrigacións de información e contan co equipo habitual que permite as relacións electrónicas, establécese a obrigatoriedade de que a tramitación destas subvencións se leve a cabo por medios electrónicos de conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CVE-DOG: e9vzpcf6-k8v4-7ez0-ftyo-f4ga1nzon3r4



En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e actuacións subvencionables*

1. É obxecto desta subvención o establecido no punto 1.a) dos anexos I, II, III e IV (en diante, cadro de especificacións).

2. Terán a consideración de actuacións ou operacións subvencionables os proxectos, actividades ou conceptos en que se cumpran os requisitos sinalados no punto 1 do cadro de especificacións.

3. As presentes axudas enmárcanse no plan nacional, autonómico ou sectorial que se identifica no punto 1.b) do cadro de especificacións, cos obxectivos que se indican e a motivación que os fundamenta.

4. As particularidades relativas á execución do obxecto da subvención regúlanse, se é o caso, no punto 1.c) do cadro de especificacións.

Artigo 2. *Réxime xurídico*

1. Para o non establecido nestas bases, aplicarase o previsto nas seguintes normas:

a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.



f) Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

g) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

h) Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia do 10.12.2021.

i) Demais normas sinaladas no punto 2 do cadro de especificacións.

2. En canto ao cómputo de prazos, observarase o disposto no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

«Artigo 30. *Cómputo de prazos.*

1. Salvo que por lei ou no dereito da Unión Europea se dispoña outro cómputo, cando os prazos se sinalen por horas, enténdese que estas son hábiles. Son hábiles todas as horas do día que formen parte dun día hábil. Os prazos expresados por horas contaránse de hora en hora e de minuto en minuto desde a hora e minuto en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate e non poderán ter unha duración superior a vinte e catro horas, nese caso expresaranse en días.

2. Sempre que por lei ou no Dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos. Cando os prazos se sinalasen por días naturais por declaralo así unha lei ou polo dereito da Unión Europea, farase constar esta circunstancia nas correspondentes notificacións.

3. Os prazos expresados en días contaránse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou a desestimación por silencio administrativo.

4. Se o prazo se fixase en meses ou anos, estes computaranse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou desestimación por silencio administrativo. O prazo concluirá o mesmo día en que se produciu a notificación, publicación ou silencio administrativo no mes ou o ano de vencemento. Se no mes de vencemento non houberse día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

5. Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

6. Cando un día fose hábil no municipio ou comunidade autónoma en que residise o interesado, e inhábil na sede do órgano administrativo, ou á inversa, considerarase inhábil en todo caso.

7. A Administración xeral do Estado e as administracións das comunidades autónomas, con suxeición ao calendario laboral oficial, fixarán, no seu respectivo ámbito, o calendario de días inhábiles para os efectos de cálculos de prazos. O calendario aprobado polas comunidades autónomas comprenderá os días inhábiles das entidades locais correspondentes ao seu ámbito territorial, ás que será de aplicación. O devandito calendario deberá publicarse antes do comezo de cada ano no diario oficial que corresponda, así como noutros medios de difusión que garantan o seu coñecemento xeneralizado.

8. A declaración dun día como hábil ou inhábil para os efectos de cómputo de prazos non determina por si soa o funcionamento dos centros de traballo das administracións públicas, a organización do tempo de traballo ou o réxime de xornada e horarios destas».

CVE-DOG: e9wzpc6-k8v4-7ez0-fly0-f4ga1nzon3r4



3. Todas as especificacións incluídas no cadro de especificacións adaptanse á normativa vixente.

Artigo 3. *Financiamento*

A convocatoria está financiada conforme se indica no punto 3 do cadro de especificacións.

No suposto de que o expediente se tramite de forma anticipada ao abeiro do disposto no artigo 67 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a eficacia da convocatoria quedará supeditada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas económicas derivadas dela, e poderase chegar no vixente exercicio como máximo ata o momento inmediatamente anterior á disposición ou compromiso do gasto.

Artigo 4. *Requisitos para adquirir a condición de beneficiario*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas e as persoas traballadoras autónomas que cumpran os requisitos sinalados no punto 4.a) do cadro de especificacións.

2. Non poderán ter a condición de beneficiarias as empresas e persoas traballadoras autónomas en que concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Con carácter xeral, aquelas que entren na categoría de empresa en crise definida no número 18 do artigo 2 do Regulamento 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, non poderán obter a condición de beneficiarias destas axudas, salvo que se especifique o contrario no punto 4.c) do cadro de especificacións.

«Artigo 2. *Definicións*

Para efectos do presente regulamento, entenderase por:

(...)

18) «empresa en crise»: unha empresa en que concorra polo menos una das seguintes circunstancias:

a) Se se trata dunha sociedade de responsabilidade limitada (distinta dunha peme con menos de tres anos de antigüidade ou, para os efectos dos criterios para poder optar ás axudas ao financiamento de risco, unha peme no prazo de sete anos desde a súa primeira venda comercial, que cumpra as condicións para recibir investimentos de financiamento de risco tras as comprobacións de dilixencia debida por parte do intermediario financeiro seleccionado), cando desaparecese máis da metade do seu capital social subscrito como consecuencia das perdas acumuladas; é o que sucede cando a dedución das perdas acumuladas das reservas (e de todos os demais elementos que se adoitan considerar fondos propios da sociedade) conduce a un resultado negativo superior á metade do capital social subscrito; para os efectos da presente disposición, «sociedade de responsabilidade limitada» refírese, en particular, aos tipos de sociedades mencionados no anexo I da Directiva 2013/34/UE e «capital social» inclúe, cando proceda, toda prima de emisión;



b) Se se trata dunha sociedade en que polo menos algúns socios teñen unha responsabilidade ilimitada sobre a débeda da sociedade (distinta dunha peme con menos de tres anos de antigüidade ou, para os efectos dos criterios para poder optar ás axudas ao financiamento de risco, unha peme no prazo de sete anos desde a súa primeira venda comercial, que cumpra as condicións para recibir investimentos de financiamento de risco tras as comprobacións de dilixencia debida por parte do intermediario financeiro seleccionado), cando desaparecese polas perdas acumuladas máis da metade dos seus fondos propios que figuran na súa contabilidade; a efectos da presente disposición, «sociedade na que polo menos algúns socios teñen unha responsabilidade ilimitada sobre a débeda da sociedade» refírese, en particular, aos tipos de sociedades mencionados no anexo II da Directiva 2013/34/UE;

c) Cando a empresa se atope inmersa nun procedemento de quebra ou insolvencia ou reúna os criterios establecidos no seu dereito nacional para ser sometida a un procedemento de quebra ou insolvencia a pedido dos seus acredores;

d) Cando a empresa recibise axuda de salvamento e aínda non reembolsase o préstamo ou posto fin á garantía, ou recibise axuda de reestruturación e esta aínda suxeita a un plan de reestruturación;

e) Se se trata dunha empresa distinta dunha PEME, cando durante os dous exercicios anteriores:

1) O cociente débeda/capital da empresa fose superior a 7,5 e

2) O cociente de cobertura de intereses da empresa, calculada sobre a base do EBITDA, se situase por baixo de 1,0».

b) Que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

c) Aquelas en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, salvo que no punto 4.c) do cadro de especificacións se estableza un requisito ou condición diferente ao respecto.

Artigo 10. Requisitos para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora
(...)

«2. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas na presente lei as persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, atoparse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que posúan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non acharse ao día no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.



- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non atoparse ao día de pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta lei ou a Lei xeral tributaria. Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do punto 3 do artigo 8 da presente lei cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
3. En ningún caso poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas na presente lei as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos puntos 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación».

d) Aquelas en que concorran as circunstancias que se sinalan no punto 4.b) do cadro de especificacións.

e) As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, de ser o caso, no punto 4.c) do cadro de especificacións.

Artigo 5. *Gastos subvencionables*

1. Terán a consideración de gastos subvencionables os sinalados no punto 5.a) do cadro de especificacións.

As condicións relativas á posibilidade de compensar os gastos subvencionables, así como a inclusión dos custos indirectos como gastos subvencionables, aparecen recollidas nos puntos 5.b) e 5.c) do cadro de especificacións, respectivamente.

2. O prazo temporal de referencia para identificar os gastos subvencionables será o indicado no punto 5.d) do cadro de especificacións. En todo caso, as referencias para o cómputo do prazo atenderán ao establecido polas normas que regulen a xestión dos fondos que financien a subvención e ao principio do límite da anualidade orzamentaria.

Con carácter xeral, a actuación ou o proxecto poderá iniciarse con anterioridade á convocatoria, salvo que no punto 5.d) do cadro de especificacións se indique que a axuda solicitada debe supoñer un efecto incentivador.

Sen prexuízo do anterior, a distribución por anualidades da subvención concedida farase atendendo ao ritmo de execución da acción subvencionada.



Existe efecto incentivador cando a axuda cambia o comportamento empresarial de modo que non se emprendería a actuación obxecto da solicitude sen a axuda, ou que só se emprendería dunha maneira limitada ou diferente. A axuda non debe subvencionar os custos dunha actuación que se realizaría en calquera caso.

Para tal efecto, antes de iniciar o proxecto ou actuación, a persoa solicitante deberá ter presentado a solicitude da axuda. Ningún dos custos alegados sobre os cales se solicita a axuda poderá ser realizado con carácter previo á solicitude; de ser así, a totalidade do proxecto será considerado non subvencionable.

Considérase que o proxecto xa foi iniciado cando existe un primeiro compromiso en firme para a execución das obras ou para a adquisición dalgún dos elementos integrantes do proxecto. Entenderase por proxecto calquera dos investimentos ou gastos da actuación comprendidos na solicitude de axuda. Neste sentido, considérase que existe un compromiso en firme no caso da existencia dun contrato asinado ou oferta aceptada entre as partes, ou da existencia dun pedido, para calquera dos elementos subvencionables.

De ser o caso, no punto 5.h) indicaranse as actuacións que non terán a consideración de inicio dos traballos.

O período durante o que se deben destinar os bens ao fin concreto, así como as regras en materia de amortización aparecen recollidos, respectivamente, nos puntos 5.e) e 5.f) do cadro de especificacións, cando así proceda.

3. Se é o caso, as empresas ou as persoas traballadoras autónomas beneficiarias poderán concertar con terceiras persoas a execución das accións subvencionadas nos termos recollidos no punto 5.g) do cadro de especificacións, agás os gastos necesarios para realizar por si mesmas a actividade subvencionada.

Non poderán subcontratarse actividades que incrementen o custo da acción subvencionada e non acheguen valor engadido ao seu contido.

Cando a actividade concertada con terceiras persoas exceda do 20 % do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 €, o contrato deberá subscribirse por escrito e ser autorizado previamente polo órgano concedente nos termos recollidos no punto 5.g) do cadro de especificacións. Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a súa contía e eludir os requisitos anteriores.

CVE-DOG: e9wzpcf6-k8v4-7ez0-fly0-f4ga1nzon3r4



Para a elección dos subcontratistas, as empresas ou as persoas traballadoras autónomas beneficiarias da subvención ateranse ao recollido no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 27. Subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios

(...)

«7. En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursoas nalguna das prohibicións do artigo 10 desta lei.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as seguintes circunstancias:
 - 1ª) Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
 - 2ª) Que se obteña a previa autorización previa do órgano concedente nos termos que se fixen nas bases reguladoras.
- e) Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente».

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante as empresas ou as persoas traballadoras autónomas beneficiarias, que asumirán ante a Administración a responsabilidade da execución da actividade subvencionada, así como de que se respecten os límites establecidos nestas bases en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e exixiranlles aos contratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os subcontratistas están suxeitos ao deber de colaboración para permitir as actuacións de control e quedan obrigados a facilitar aos organismos de auditoría e control autonómicos, nacionais ou europeos tanta documentación e información lles sexa requirida relativa ás actividades subcontratadas.

A negativa ao cumprimento desta obriga considerarase resistencia, excusa, obstrución ou negativa para os efectos previstos no artigo 29.c) destas bases, sen prexuízo das sancións que, de ser o caso, puidesen corresponder.

Artigo 6. Contía da subvención

A contía da subvención será a sinalada no punto 6 do cadro de especificacións.



Artigo 7. Criterios de valoración

1. Os criterios que se utilizarán para a puntuación dos proxectos serán os sinalados no punto 7.a) do cadro de especificacións.

2. En caso de coincidir a puntuación de varias solicitudes, utilizarase como criterio de desempate o sinalado no punto 7.b) do cadro de especificacións. De persistir o empate, logo de aplicados estes criterios, prevalecerá a solicitude cuxa data e hora de presentación fose anterior segundo conste no rexistro electrónico xeral e, en último caso, prevalecerá aquela á que o sistema lle asignase automaticamente o número de entrada máis baixo.

Artigo 8. Réxime de compatibilidade das subvencións

1. Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas sempre que a contía das axudas acumuladas non supere o 100 % do gasto subvencionable, salvo que se indique o contrario no punto 8.a) do cadro de especificacións.

2. Se é o caso, o réxime de axudas de estado que será de aplicación identificarase no punto 8.b) do cadro de especificacións.

3. A obtención doutras axudas ou subvencións concorrentes deberá comunicárselle ao órgano convocante tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente a solicitude de pagamento. Antes de conceder a axuda, solicitarase da empresa ou da persoa traballadora autónoma unha declaración sobre calquera axuda recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal para esta mesma actuación. O incumprimento do disposto neste artigo considerárase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

Artigo 9. Procedemento

1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

2. Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine nesta convocatoria. Porén, poderá ampliarse a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria, e este incremento quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade de

CVE-DOG: e9vzpcf6-k8v4-7ez0-ftyo-f4ga1nzon3r4



crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito, a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ao abeiro do disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e coas condicións específicas sinaladas, se é o caso, no punto 9.a) do cadro de especificacións.

3. Os mecanismos e as medidas que se van aplicar no procedemento para reducir o risco de fraude e de corrupción e os conflitos de intereses ateranse ao previsto no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia.

4. As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, se é o caso, no punto 9.b) do cadro de especificacións.

Artigo 10. *Presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados (anexos V, VI, VII ou VIII) dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), e na oficina virtual do órgano convocante que, de ser o caso, se indique no punto 10.c) do cadro de especificacións.

De conformidade co previsto no artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co artigo 14 do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, se algunha das empresas ou persoas traballadoras autónomas solicitantes presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda. Se a emenda deste concreto defecto (presentación presencial da solicitude) se realiza unha vez transcorrido o prazo indicado na convocatoria da subvención para a presentación de solicitudes, o órgano competente ditará resolución en que se desestimará a solicitude por presentarse fóra do prazo, de acordo co artigo 23 en relación co artigo 20.2 letra g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As empresas e as persoas traballadoras autónomas realizarán as seguintes declaracións responsables, empregando para o efecto o formulario dos anexos V, VI, VII e VIII:

a) As axudas concorrentes para a mesma actuación, solicitadas ou concedidas, incluídas as axudas pola regra de *minimis*.



b) A veracidade de todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan.

c) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, agás as establecidas no punto 4.c) do cadro de especificacións.

d) Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Estar ao día nas obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeita de fraude.

g) Cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública, cando proceda.

h) Que pode, ou non pode, ser considerada unha empresa en crise conforme o disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014.

i) Non estar suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

j) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos da actuación para a cal se solicita a axuda.

k) Manter un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados con este tipo de fondos de recuperación.

CVE-DOG: e9wzpcfb-k8v4-7ez0-ftyo-f4ga1nzn3r4



l) Conservar toda a documentación relativa á subvención segundo o establecido nos regulamentos de aplicación aos fondos que financian a axuda concedida durante o período indicado no artigo 26.c).

m) Estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.

n) No caso das persoas traballadoras autónomas, estar de alta no réxime da Seguridade Social correspondente (no RETA ou no de traballadores por conta propia do réxime de traballadores do mar).

ñ) A actividade que se vai subvencionar non causa un prexuízo significativo («*do no significant harm*») aos obxectivos ambientais nos termos do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, e restante normativa de aplicación.

o) As demais que se sinalen no punto 10.a) do cadro de especificacións.

3. O prazo de presentación de solicitudes será o sinalado no punto 10.b) do cadro de especificacións e contarase a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

4. As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, se é o caso, no punto 10.c) do cadro de especificacións.

Artigo 11. *Documentación complementaria*

1. As empresas ou as persoas traballadoras autónomas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Memoria da actuación, conforme os requisitos previstos no punto 11.a) do cadro de especificacións.

b) As empresas que non figuren inscritas no Rexistro Mercantil presentarán a documentación acreditativa da súa válida constitución e do poder de representación das persoas que actúen no seu nome.

CVE-DOG: e9vzpcfb-k8v4-7ez0-fly0-f4ga1nzon3r4



c) No caso de persoas traballadoras autónomas societarias, a documentación que acredite a participación en máis do 25 % da persoa solicitante na entidade.

d) A demais documentación indicada no punto 11.b) do cadro de especificacións.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola empresa ou pola persoa traballadora autónoma interesada ante calquera Administración. Neste caso, esta deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de mediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a súa oposición expresa nos supostos nos que o consentimento sexa un requisito legal.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á empresa ou á persoa traballadora autónoma a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das empresas ou persoas traballadoras autónomas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica, de conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co artigo 14 do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos. Para estes efectos, considerárase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda. Se a emenda deste defecto (presentación presencial) se realiza unha vez transcorrido o prazo indicado na convocatoria da subvención para a presentación de solicitudes, o órgano competente ditará resolución pola que desestimar a solicitude por presentarse fóra do prazo, de acordo co artigo 23 en relación co artigo 20.2 letra g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As empresas ou as persoas traballadoras autónomas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa, o que deberá ser especificado no punto 11.c) do cadro de especificacións, ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitarlles de maneira motivada que presenten unha copia autenticada electrónica.

CVE-DOG: e9vzpcf6-k8v4-7ez0-ftyo-14ga1nzn3r4



4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que hai que presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo dos documentos e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, se é o caso, no punto 11.c) do cadro de especificacións.

Artigo 12. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente, con carácter previo á concesión, os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI/NIE da persoa traballadora autónoma solicitante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) NIF/DNI/NIE da entidade ou persoa representante.
- d) Domicilio fiscal da entidade ou persoa traballadora autónoma solicitante
- e) Constitución, estatutos e a información sobre as persoas que actúen na súa representación, no caso de solicitantes inscritos no Rexistro Mercantil.
- f) Certificado da AEAT de alta no imposto de actividades económicas (IAE) da entidade e da persoa traballadora autónoma solicitante.
- g) Se é o caso, vida laboral da persoa traballadora autónoma solicitante.
- h) Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT.
- i) Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.

CVE-DOG: e9vzpcf6-k8v4-7ez0-ftyo-f4ga1nzon3r4



j) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

k) Os indicados no punto 12.a) do cadro de especificacións.

2. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da empresa, da persoa traballadora autónoma ou da persoa representante para realizar a consulta.

As empresas, as persoas traballadoras autónomas ou as persoas representantes que se opoñan á consulta deberán indicalo no recadro correspondente habilitado nos anexos V, VI, VII ou VIII e achegar os documentos pertinentes.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás empresas ou ás persoas traballadoras autónomas a presentación dos documentos correspondentes.

4. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente, con carácter previo ao pagamento, os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas:

a) Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT.

b) Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.

c) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, se é o caso, no punto 12.b) do cadro de especificacións.

Artigo 13. *Emenda da solicitude*

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá a empresa ou a persoa traballadora autónoma solicitante para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles, e indicarlle que, se así non o fixer, considerarase que desiste da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CVE-DOG: e9wzpcf6-k8v4-7ez0-ftyo-f4ga1nzon3r4



Artigo 14. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

1. Todos os trámites administrativos que as empresas ou as persoas traballadoras autónomas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á súa Carpeta cidadá dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

2. As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, se é o caso, no punto 13.a) do cadro de especificacións.

Artigo 15. Órganos competentes

1. O órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención é o indicado no punto 14.a) do cadro de especificacións.

En particular, o órgano instructor recibirá as solicitudes e comprobará os seus requisitos formais. Así mesmo, encargárase de elevar as propostas de resolución, provisionais e definitivas, analizará as alegacións e os documentos presentados, solicitará informe á Comisión de Valoración cando sexa preciso e realizará cantas outras funcións adicionais se lle asignen no punto 14.a) do cadro de especificacións.

2. Corresponde a súa resolución ao órgano indicado no punto 14.b) do cadro de especificacións. Esta resolución porá fin ao procedemento administrativo.

3. Os proxectos serán avaliados por unha comisión avaliadora, cuxas persoas integrantes serán designadas entre o seu persoal polo órgano competente para a resolución da concesión, agás unha delas, que será designada entre o persoal da Administración autonómica de Galicia non dependente do órgano convocante. Non poderán formar parte dela as persoas que posúan a condición de alto cargo nin o persoal eventual. Esta comisión estará composta por un mínimo de tres persoas e contará cun/cunha presidente/a e un/unha secretario/a con voz e voto, segundo se prevé no punto 14.c.1) do cadro de especificacións.

Axustará o seu funcionamento ás disposicións sobre órganos colexiados contidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

CVE-DOG: e9vzpcfb-k8v4-7ez0-fly0-f4ga1nzon3r4



No momento da constitución da Comisión, as persoas integrantes deixarán constancia da ausencia dun conflito de intereses respecto das empresas ou das persoas traballadoras solicitantes da subvención, feito que poderá ser manifestado mediante unha declaración expresa ou mediante unha manifestación na acta de constitución.

Para o caso de que, con posterioridade á formulación de tales declaracións responsables, se coñecese un posible conflito de intereses, a persoa da comisión na que concorra tal circunstancia abstérase de participar no procedemento, comunicarao ao superior xerárquico; e o órgano convocante substituiraa por outra seleccionada entre o seu persoal, ou entre o persoal doutro departamento non dependente, segundo corresponda.

4. A Comisión valorará as solicitudes presentadas e elaborará unha relación coa puntuación que lle corresponde a cada unha, nos termos previstos no artigo 7 destas bases.

Así mesmo, exercerá as funcións adicionais que, de ser o caso, se lle encomenden no punto 14.c.2) do cadro de especificacións.

5. As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, se é o caso, no punto 14.e) do cadro de especificacións.

Artigo 16. *Instrución*

1. A solicitude de axuda e a documentación complementaria serán analizadas polo órgano que se estableza no punto 14.a) do cadro de especificacións, que elaborará un informe no cal se concrete o resultado da devandita análise.

2. Por tratarse dun procedemento de concorrência competitiva, e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos administrativos vinculados á fase de instrución publicaranse no medio que se indique no punto 13.b) do cadro de especificacións. A devandita publicación producirá os efectos da notificación, e a súa data será a única válida para o cómputo dos prazos.

Adicionalmente, de forma complementaria, notificaranse os actos por medios electrónicos nos termos indicados no artigo 24.

CVE-DOG: e9wzpcf6-k8v4-7ez0-fly0-f4ga1nzon3r4



3. Unha vez rematado o trámite anterior, a comisión avaliará as solicitudes en función dos datos relativos á empresa ou á persoa traballadora autónoma solicitante e a actuación declarada na solicitude de axuda no formulario dos anexos V, VI, VII ou VIII e IX e na documentación presentada. Este órgano elaborará unha relación de solicitudes coa puntuación que lle corresponde a cada unha, nos termos previstos no artigo 7 destas bases.

4. As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, se é o caso, no punto 14.e) do cadro de especificacións.

Artigo 17. *Proposta de resolución*

O órgano competente indicado no punto 14.a) do cadro de especificacións ditará proposta de resolución con base neste procedemento a partir da relación de solicitudes puntuadas.

As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, se é o caso, no punto 14.e) do cadro de especificacións.

Artigo 18. *Resolución*

1. O órgano instructor indicado no punto 14.a) do cadro de especificacións elevará a proposta de resolución ao órgano competente indicado no punto 14.b) do cadro de especificacións, o cal resolverá a concesión das subvencións.

2. A resolución de outorgamento da subvención comprenderá a identificación da empresa ou da persoa traballadora autónoma, a contía da subvención e as obrigas que lle corresponden como beneficiaria, os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse con ela, o plan financeiro e o prazo de execución, con indicación do método que se aplica para determinar os custos da operación, a comunicación de que a aceptación da axuda implica a aceptación da inclusión das persoas beneficiarias na lista de operacións para publicar, co contido previsto no punto 1 do anexo XII e o artigo 115.2 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, así como os demais requisitos previstos na normativa comunitaria para a selección da operación que debe conter o documento polo que se establecen as condicións de axuda (DECA).

3. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución, que non poderá superar os seis meses, será o establecido na epígrafe 15.a) do cadro de especificacións, transcorrido



o cal se poderá entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de axuda.

4. Na resolución da concesión informarase da tipoloxía de fondo que financia a subvención, con expresión do eixe, obxectivo temático, prioridade de investimento, obxectivo específico, porcentaxe de financiamento ou da resposta da UE á pandemia COVID-19, segundo proceda.

5. As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, se é o caso, no punto 15.b) do cadro de especificacións.

Artigo 19. *Réxime de recursos*

1. As resolucións ditadas ao abeiro destas bases porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as empresas ou as persoas traballadoras autónomas interesadas poidan exercer calquera outro que considere procedente:

a) Recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo ou órganos xudiciais competentes que se indiquen na epígrafe 16.a) do cadro de especificacións, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Potestativamente, recurso previo de reposición, que resolverá o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo co establecido nestas bases reguladoras, se produza o acto presunto.

2. As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, se é o caso, a epígrafe 16.b) do cadro de especificacións.

Artigo 20. *Base de Datos Nacional de Subvencións*

1. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CVE-DOG: e9vzpcf6-k8v4-7ez0-ftyo-f4ga1nzon3r4



Artigo 20. Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)

(...)

8. En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. Para tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns para coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web os seguintes contidos:

a) As convocatorias de subvencións; para tales efectos, en todas as convocatorias suxeitas a esta lei, as administracións concedentes comunicarán á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria e a información requirida pola Base de Datos. A BDNS dará traslado ao diario oficial correspondente do extracto da convocatoria, para a súa publicación, que terá carácter gratuíto. A convocatoria dunha subvención sen seguir o procedemento indicado será causa de anulabilidade da convocatoria.

b) As subvencións concedidas; para a súa publicación, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións as subvencións concedidas con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e obxectivo ou finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados. Igualmente deberá informarse, cando corresponda, sobre o compromiso asumido polos membros recollidos no punto 2 e no segundo parágrafo do punto 3 do artigo 11 e, en caso de subvencións plurianuais, sobre a distribución por anualidades. Non serán publicadas as subvencións concedidas cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra, á intimidade persoal ou familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e fose previsto na súa normativa reguladora. O tratamento dos datos de carácter persoal só poderá efectuarse se é necesario para a satisfacción do interese lexítimo perseguido polo responsable do tratamento ou polo terceiro ou terceiros aos que se comuniquen os datos, sempre que non prevaleza o interese ou os dereitos e liberdades fundamentais do interesado que requiran protección con arranxo ao artigo 1.1 da Directiva 95/46/CE.

c) A información que publiquen as entidades sen ánimo de lucro utilizando a BDNS como medio electrónico previsto no segundo parágrafo do artigo 5.4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Os responsables de facilitar a información conforme a epígrafe 4 deste artigo deberán comunicar á BDNS a información necesaria para dar cumprimento ao previsto neste punto.

A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

2. A Base de Datos Nacional de Subvencións cederá información ao Sistema de Fondos Europeos, segundo as previsións contidas na normativa europea e nacional que resulte de aplicación.

Artigo 21. Publicidade

1. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2006, o órgano

CVE-DOG: e9vzpcf6-k8v4-7ez0-ftyo-f4ga1nzon3r4



concedente incluíra as axudas concedidas ao abeiro destas bases e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que coa presentación da solicitude autorízase o tratamento necesario dos datos persoais e a referida publicidade.

2. De acordo co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano convocante publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases na súa páxina web e no *Diario Oficial de Galicia*, e expresará a norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da persoa beneficiaria e da súa publicación nos citados medios. A publicación no *Diario Oficial de Galicia* realizarase no prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións.

Non obstante, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 €, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas no medio que se indique na epígrafe 13.b) do cadro de especificacións.

3. De acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 1149/2011, do 29 de xullo, polo que se establece e se regula o Rexistro español de axudas *de minimis* no sector pesqueiro (BOE núm. 223, do 16 de setembro), no caso de que a empresa ou a persoa traballadora autónoma beneficiaria sexa unha empresa do sector pesqueiro, o órgano convocante publicará a subvención concedida ao abeiro destas bases no citado rexistro, con expresión da información a que se fai referencia no anexo I deste real decreto.

4. De acordo co establecido no artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a cesión de datos de carácter persoal que debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado, para os efectos de publicar as subvencións concedidas na BDNS, non requirirá o consentimento da persoa beneficiaria.

5. As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, de ser o caso, na epígrafe 13.b) do cadro de especificacións.

Artigo 22. *Protección de datos*

1. Coa presentación da solicitude, a empresa ou a persoa traballadora autónoma solicitante autoriza o tratamento necesario dos datos persoais para a publicación das axudas

CVE-DOG: e9wzpcf6-k8v4-7ez0-fly0-f4ga1nzon3r4



percibidas, de conformidade coa normativa vixente en materia de publicidade das subvencións.

2. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 23. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 24. *Notificacións e publicacións*

1. De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos administrativos do procedemento serán obxecto de publicación, que producirá os efectos da notificación, e a súa data será a única válida para o cómputo dos prazos.

De acordo co anterior, a resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia*. Así mesmo, será obxecto de publicación adicional a través do medio que, de ser o caso, se indique na epígrafe 13.b) do cadro de especificacións.

O resto dos actos administrativos do procedemento publicaranse no medio que se indique na epígrafe 13.b) do cadro de especificacións.



2. Adicionalmente, de forma complementaria, notificaranse os actos por medios electrónicos mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal.

O sistema de notificacións remitirá os avisos ás empresas e ás persoas traballadoras autónomas interesadas á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude, ou os indicados no enderezo electrónico habilitado pola empresa ou pola persoa traballadora autónoma. Estes avisos non terán efecto de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións complementarias electrónicas entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío das notificacións complementarias non fose posible por problemas técnicos, practicaranse polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. Os órganos da Administración xeral e entidades previstas na letra a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, poderán crear de oficio o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpren coa súa obriga de relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos.

4. As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, se é o caso, no punto 13.b) do cadro de especificacións.

Artigo 25. *Modificación da resolución de concesión*

1. Unha vez ditada a resolución de concesión, observárase o establecido no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e admitiranse, dentro dos límites xerais establecidos nestas bases, modificacións relativas ao gasto subvencionable, á estrutura de custos ini-



cialmente orzada, ás datas de execución da actuación ou aos demais aspectos sinalados no punto 17.b) do cadro de especificacións. Non se admitirán modificacións que dean lugar a unha contía de axuda superior á establecida na resolución de concesión, que desvirtúen a actuación ou que minoren a baremación da axuda de xeito que coa nova puntuación non resultase concedida en réxime de concorrencia competitiva.

2. A solicitude de modificación deberá presentarse no prazo establecido no punto 17.c) do cadro de especificacións, sempre cunha anterioridade superior aos dous meses previos á data de fin do prazo de execución da actuación que se establece.

3. Se así se prevé na epígrafe 17.a) do cadro de especificacións, a empresa ou a persoa traballadora autónoma beneficiaria deberá solicitar a modificación presentando a súa solicitude dirixida ao órgano convocante.

O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo órgano competente para a resolución do procedemento de concesión da subvención, logo da instrución do correspondente expediente, no cal, sempre que se teñan en conta elementos non achegados pola persoa solicitante, se dará audiencia, de ser preciso, ás empresas ou ás persoas traballadoras autónomas interesadas.

4. As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, se é o caso, no punto 17.d) do cadro de especificacións.

Artigo 26. Obrigas das empresas e das persoas traballadoras autónomas beneficiarias

Son obrigas das empresas ou das persoas traballadoras autónomas beneficiarias as seguintes:

a) Executar a actuación que fundamenta a concesión da subvención no prazo establecido segundo o disposto nestas bases.

b) Solicitar un mínimo de 3 ofertas diferentes e acreditar que a proposta seleccionada se adecúa aos prezos do mercado, nos supostos en que utilicen fórmulas de subcontratación para importes superiores a 30.000 €.

c) Conservar os documentos xustificativos e demais documentación relacionada co financiamento da actuación en formato electrónico durante un prazo mínimo de 5 anos a



partir da recepción do último pagamento. Este período será de tres anos se o financiamento non supera os 60.000 €.

d) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actuación definida no artigo 1 e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.

e) Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectúe o órgano concedente e facilitar toda a información requirida polos órganos verificadores que se establezan en aplicación dos artigos 72, 73 e 74 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, ou os órganos/regulamentos que os substitúan. Someterse a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en especial a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas e os órganos de control da Comisión Europea, a Fiscalía Europea e a Oficina de Loita contra a Fraude e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores, así como ás verificacións previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Consello, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, que incluírán as correspondentes visitas sobre o terreo ou, se é o caso, ás actuacións de control previstas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Para tal fin, deberán dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control, polo menos, durante o período establecido no punto 18.b) do cadro de especificacións. O órgano convocante informará da data de inicio a que se refire esta obriga, tras a oportuna comunicación da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

f) Comunicar ao órgano convocante a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos concorrentes que financien as actuacións, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a dita concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente a solicitude de pagamento coa xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos. O incumprimento desta obriga considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

CVE-DOG: e9wzpcfb-k8v4-7ez0-ftyo-f4ga1nzn3r4



g) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados con este tipo de fondos de recuperación.

h) Cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público da actuación por parte do órgano convocante, a Xunta de Galicia e o programa operativo, segundo o establecido no punto 18.a) do cadro de especificacións.

i) Subministrar toda a información necesaria para que o órgano concedente poida dar cumprimento ás obrigas previstas no título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

Artigo 4. Obriga de subministración de información

(...)

4. Regulamentariamente determinarase o procedemento que cómpre seguir para o cumprimento desta obriga, así como as multas coercitivas aplicables nos supostos en que o requirimento de información non sexa atendido no prazo. A multa de 100 a 1.000 euros será reiterada por períodos mensuais ata o cumprimento. O total da multa non poderá exceder o 5 % do importe do contrato, subvención ou instrumento administrativo que habilite para o exercicio das funcións públicas ou a prestación dos servizos. No suposto de que no devandito instrumento non figure unha contía concreta, a multa non excederá os 3.000 euros. Para a determinación do importe atenderase á gravidade do incumprimento e ao principio de proporcionalidade.

j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

k) No caso de non ser quen de realizar a actuación para a cal se concedeu a axuda, comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento en que se produza a certeza da non execución.

l) A actividade subvencionada non poderá causar un prexuízo significativo («*do no significant harm*») aos obxectivos ambientais nos termos do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088 e restante normativa de aplicación.



m) Todo o anterior sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11. Obrigas dos beneficiarios

Son obrigas do beneficiario:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- b) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicar ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Adoptar as medidas de difusión contidas na epígrafe 3 do artigo 15 da presente lei.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da presente lei.

n) No suposto de que a convocatoria das subvencións se financie con recursos procedentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, declarar o seu compromiso de cumprir os principios transversais establecidos no plan e que puidesen afectar ao ámbito obxecto da xestión, empregando para o efecto o modelo do anexo X.

ñ) As demais sinaladas, se é o caso, no punto 18.b) do cadro de especificacións.

Artigo 27. Pagamentos

1. Con carácter xeral, o aboamento das axudas realizarase unha vez que o órgano concedente considere xustificada a execución e o pagamento da actuación que fundamen-

CVE-DOG: e9wzpcfb-k8v4-7ez0-ftyo-t4ga1nzon3r4



ta a concesión da subvención, e o cumprimento das demais condicións dentro do prazo establecido na resolución de concesión, agás que se prevea a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou pagamentos anticipados.

A modalidade de pagamento, total ou parcial, será a indicada na epígrafe 19.a) do cadro de especificacións.

Aboarase o 100 % da subvención concedida logo de xustificar a realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento exixido.

A modalidade de pagamento parcial instrumentarase mediante os pagamentos á conta, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados. Estes pagamentos responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas e aboaranse pola contía equivalente á xustificación presentada, coas garantías previstas no punto 19.a) do cadro de especificacións.

O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedan non poderá ser superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

2. O órgano concedente poderá solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación da execución da actuación subvencionada que considere convenientes. Transcorrido o prazo concedido para o efecto sen que a empresa ou a persoa traballadora autónoma beneficiaria os presentase, o órgano convocante iniciará o correspondente procedemento de decaemento no dereito de cobramento.

3. As empresas ou as persoas traballadoras autónomas beneficiarias das axudas poderán solicitar un pagamento anticipado, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, co límite máximo previsto no punto 19.b) do cadro de especificacións. Este límite non excederá do 80 % da subvención concedida, sen que supere a anualidade prevista no exercicio orzamentario correspondente e tendo en conta o ritmo de execución da actuación subvencionada, coas garantías sinaladas no punto 19.b) do cadro de especificacións.

A solicitude de anticipo deberá vir acompañada da documentación que se indica no punto 19.b) do cadro de especificacións e será obxecto de resolución motivada polo órgano concedente da subvención.

CVE-DOG: e9vzpcf6-k8v4-7ez0-ftyo-14ga1nzon3r4



4. As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, se é o caso, no punto 19.c) do cadro de especificacións.

Artigo 28. Xustificación da subvención

1. O prazo para presentar a solicitude de pagamento é o establecido na epígrafe 19.d) do cadro de especificacións.

2. A solicitude de pagamento presentárase mediante a solicitude normalizada que, a título informativo, figura como anexo IX a estas bases.

3. Unha vez xerada a solicitude de pagamento, deberá presentarse obrigatoriamente por vía electrónica, dispoñible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, non se lles exixirá ás empresas ou ás persoas traballadoras autónomas interesadas que presenten documentos orixinais. A empresa ou a persoa traballadora autónoma solicitante responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa, o que deberá ser indicado no punto 19.f) do cadro de especificacións, ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, poderáselle requirir á empresa ou á persoa traballadora autónoma interesada que presente unha copia autenticada electrónica. Tal requirimento deberá ser debidamente motivado. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.

4. No caso de que a solicitude de pagamento non se presentase no prazo ou a xustificación fose incorrecta, requirírase a empresa ou a persoa traballadora autónoma beneficiaria para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días hábiles. A falta de presentación da solicitude de pagamento ou da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao pagamento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a empresa ou a persoa traballadora autónoma beneficiaria das sancións que, conforme a lei, correspondan.



A xustificación cumprirá os requisitos establecidos nos artigos 28 a 30 da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 28. Xustificación das subvencións

1. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención documentarase da maneira que se determine regulamentariamente, podendo revestir a forma de conta xustificativa do gasto realizado ou acreditarse devandito gasto por módulos ou mediante a presentación de estados contables, segundo se dispoña na normativa reguladora.

2. O rendemento da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario ou da entidade colaboradora, na cal se deben incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública. A forma da conta xustificativa e o prazo de rendemento desta virán determinados polas correspondentes bases reguladoras das subvencións públicas. A falta de previsión das bases reguladoras, a conta haberá de incluír a declaración das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos incorridos, e a súa presentación realizarase, como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade.

3. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente. A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos exigidos para a súa aceptación no ámbito tributario. Regulamentariamente, establecerase un sistema de validación e carimbaxe de xustificantes de gasto que permita o control da concorrencia de subvencións.

4. Cando o beneficiario estea suxeito ao réxime de contabilidade empresarial, a presentación das contas do exercicio onde se reflectan as operacións relacionadas coa subvención concedida, elaboradas segundo normas de contabilidade recollidas nas disposicións aplicables, constituirán un medio de xustificación.

5. Nas subvencións concedidas a outras administracións públicas ou entidades vinculadas ou dependentes daquelas e ás universidades, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida. Con todo, para aquelas axudas e subvencións que se concedan con cargo a créditos financiados con recursos procedentes da Unión Europea, a xustificación dos gastos efectuarase con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, e a do pagamento, cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados, de acordo coa normativa aplicable aos fondos europeos. Todo isto sen prexuízo da admisibilidade da xustificación mediante fórmulas de custos simplificados nos supostos admitidos pola dita normativa.

6. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

7. No suposto de adquisición de bens inmoables, ademais dos xustificantes establecidos no punto 3 deste artigo, debe achegarse certificado de taxador independente debidamente acreditado e rexistrado no correspondente rexistro oficial.

8. Os membros das entidades previstas na epígrafe 2 e segundo parágrafo do punto 3 do artigo 8 da presente lei están obrigados a cumprir os requisitos de xustificación respecto das actividades realizadas en nome e por conta do beneficiario, do modo que se determina nos puntos anteriores. Esta documentación formará parte da xustificación que vén obrigado a render o beneficiario que solicitou a subvención.

CVE-DOG: e9wzpcf6-k8v4-7ez0-ftyo-14ga1nzon3r4



9. As subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia.

10. O incumprimento da obrigaón de xustificación da subvención nos termos establecidos neste capítulo ou a súa xustificación insuficiente comportará o reintegro nas condicións previstas no artigo 33 desta lei.

5. Xunto coa solicitude de pagamento, a empresa ou a persoa traballadora autónoma beneficiaria da axuda presentará:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, cos requisitos específicos que, se é o caso, se relacionen no punto 19.f) do cadro de especificacións. A dita memoria presentase, como documento adxunto, coa solicitude de pagamento (anexo IX).

b) A copia –que permita a súa lectura– do material onde se aprecie que se cumpriu a obrigatorio de comunicación do financiamento público citada no artigo 26.h) destas bases.

c) Memoria económica xustificativa cos aspectos recollidos no artigo 48.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que se presentará, como documento adxunto, coa solicitude de pagamento. Na memoria mencionase expresamente que as operacións con empresas ou persoas vinculadas se realizan a prezo de mercado e cantos outros requisitos específicos se relacionen no punto 19.f) do cadro de especificacións.

Artigo 48. Conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

(..)

2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue conforme un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

c) Certificado de taxador independente debidamente acreditado e rexistrado no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.



d) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), salvo naqueles casos en que as bases reguladoras da subvención preveñen a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

f) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

g) Se é o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

d) Para os supostos en que as opcións de custos simplificados (OCS) resulten de aplicación, deberase achegar a documentación xustificativa que se indica no punto 19.e) do cadro de especificacións.

e) A demais documentación prevista no punto 19.e) do cadro de especificacións. O órgano convocante poderá solicitar as aclaracións pertinentes da documentación presentada.

6. De conformidade co previsto no artigo 73 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia, nos supostos de subvencións por importe de ata 100.000 €, presentarase unha conta xustificativa simplificada, co contido sinalado no artigo 51.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo as indicacións do punto 19.e) do cadro de especificacións.

Artigo 51. *Conta xustificativa simplificada*

(...)

2. A conta xustificativa simplificada conterá a seguinte información:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, se é o caso, o disposto no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia.

b) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue de acordo cun orzamento estimado, indicaranse as desviacións producidas.

c) Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

d) Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

7. En todos os casos, as empresas ou as persoas traballadoras autónomas beneficiarias deberán estar ao día das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración



Tributaria, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. No caso de que a empresa ou a persoa traballadora autónoma beneficiaria se opoña ou denegue expresamente o consentimento ao órgano convocante para solicitar as certificacións, estas deberán achegarse xunto co resto da documentación xustificativa.

Porén, de conformidade co previsto no artigo 73 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia, en relación con aquelas subvencións que non superen o importe de 10.000 € individualmente, a acreditación desta circunstancia entenderase cumprida coa declaración responsable da empresa ou da persoa traballadora autónoma beneficiaria.

8. Advírtese de que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumplimento que, se é o caso, poderá supor a modificación ou revogación da concesión e o reintegro, total ou parcial, das cantidades previamente aboadas, sen prexuízo das sancións que puidesen corresponder.

9. Cando a empresa ou a persoa traballadora autónoma beneficiaria da subvención poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da subvención, e que puidesen dar lugar á modificación da resolución conforme o artigo 25 destas bases, despois de omitirse o trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da subvención poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiras persoas.

A aceptación das alteracións por parte do órgano convocante no acto de comprobación non exime a empresa ou a persoa traballadora autónoma beneficiaria das sancións que poidan corresponderlle conforme a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e/ou da perda parcial da subvención concedida, de acordo co artigo 29.4 destas bases.

10. As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, se é o caso, nos puntos 19.c) e 19.f) do cadro de especificacións.



Artigo 29. *Perda do dereito á subvención e reintegro das axudas*

1. Producirase a perda do dereito ao pagamento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento da actuación, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou na restante normativa aplicable, o que dará lugar, se é o caso, á obriga de reintegrar total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de pagamento da subvención e para facer efectivo o reintegro a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Procederá a perda total do dereito ao pagamento da axuda concedida, sen prexuízo da incoación do oportuno expediente sancionador, nos seguintes casos:

a) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.

b) Non xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actuación e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención. Tamén será aplicable no caso de que a actuación xustificada minorase a baremación da axuda, de xeito que coa nova puntuación non resultase concedida en réxime de concorrencia competitiva.

c) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente, que incluírán as correspondentes visitas sobre o terreo, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou de control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en concreto a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas e os órganos de control da Comisión Europea; non achegar tanta información sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores e non permitir as verificacións previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do Consello ou, se é o caso, ás actuacións de control previstas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

d) Non acreditar estar ao día nas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.



e) Non comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións e axudas concorrentes coas percibidas. Este suposto orixinará o reintegro do 100 % do importe da subvención recibida, máis os xuros de demora e sen prexuízo das sancións que puidesen corresponder.

f) Non comunicarlle ao órgano concedente a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, salvo o establecido no artigo 25.

4. Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión das axudas, o órgano concedente poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro cos seguintes criterios:

a) No caso de condicións referentes á contía ou aos conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente aos conceptos subvencionables deixados de executar ou aplicados a outros distintos dos considerados subvencionables; de ser o caso, deberanse reintegrar as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento supera o 50 % da base subvencionable da actuación, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberanse reintegrar todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

b) Suporá o reintegro dun 10 % da subvención concedida o incumprimento da obriga de comunicarlle ao órgano concedente a solicitude doutras axudas para os mesmos gastos.

c) Suporá o reintegro dun 10 % da subvención concedida non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os conceptos financiados con fondos de recuperación.

d) Suporá o reintegro dun 5 % da subvención concedida o incumprimento das obrigas de información, comunicación e visibilidade do apoio procedente dos fondos establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, modificado polo Regulamento (UE; Euratom) 2018/1046.

5. As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo regúlanse, se é o caso, no punto 20 do cadro de especificacións.

CVE-DOG: e9wzpcf6-k8v4-7ez0-ftyo-f4ga1nzon3r4



Artigo 30. Réxime sancionador

Ás empresas ou ás persoas traballadoras autónomas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 31. Fiscalización e control

As empresas ou as persoas traballadoras autónomas beneficiarias destas subvencións someteranse ás actuacións de control, incluída a consulta aos sistemas de información que realice o órgano convocante, con anterioridade ou posterioridade á concesión da subvención, para o seguimento dos proxectos aprobados e do efectivo cumprimento das obrigas e compromisos do beneficiario fixados no artigo 26, e ás de comprobación material e control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, da Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF) ou da Fiscalía Europea e ás verificacións do artigo 125 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Consello, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, que incluírán as correspondentes visitas sobre o terreo ou, se é o caso, ás actuacións de control previstas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Para o financiamento con fondos do PRTR, o órgano concedente da subvención aplicará medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr os conflitos de intereses e o dobre financiamento, e serán actuacións obrigatorias para os órganos xestores a avaliación do risco de fraude, a tramitación da declaración de ausencia de conflito de intereses e a dispoñibilidade dun procedemento para abordar conflitos de intereses.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento da Comunidade Autónoma a través da canle que se determine.

As particularidades e excepcións ao réxime previsto neste artigo régulanse, se é o caso, na epígrafe 21 do cadro de especificacións.

CVE-DOG: e9vzpcf6-k8v4-7ez0-ftyo-f4ga1nzon3r4



Artigo 32. *Comprobación das subvencións*

1. O órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actuación e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

2. Será aplicable o disposto no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 30. *Comprobación de subvencións*

1. O órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.

2. Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da Administración como polo beneficiario.

A comprobación material definida no parágrafo anterior poderase encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

3. Excepcionalmente, a comprobación material poderase substituír por unha xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

4. A entidade colaboradora, se é o caso, realizará, en nome e por conta do órgano concedente, as comprobacións previstas.

5. A Administración concedente poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables por un ou varios dos seguintes medios:

- a) Prezos de mercado.
- b) Cotizacións de mercados nacionais e estranxeiros.
- c) Estimación por referencia aos valores recollidos nos rexistros oficiais de carácter fiscal.
- d) Ditame de peritos da Administración.
- e) Taxación pericial contraditoria.
- f) Calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2022

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

CVE-DOG: e9vzpcf6-k8v4-7ez0-ftyo-f4ga1nzon3r4



ANEXO I

CADRO DE ESPECIFICACIÓNS

Investimentos no sistemas de xestión de esterco en gandería en Galicia

1. Obxecto e actuacións subvencionables (artigo 1)

1.a) Obxecto.

Definición: favorecer a redución das emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro nos sectores gandeiros, ben mediante actuacións relacionadas coa adaptación ou cubrición das balsas exteriores de esterco con ou sen aproveitamento enerxético na propia explotación, ben mediante investimentos orientados á mellora da xestión e aproveitamento dos esterco relacionados co tratamento ou valorización das dexeccións gandeiras

Código do procedemento: MR406D

1.b) Planificación:

- ☒ Plan: Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Mecanismo de recuperación e resiliencia
- ☒ Encaixe estrutural no plan:
 - ☐ Eixe:
 - ☐ Prioridade/prioridade de investimento:
 - ☒ Obxectivo estratéxico/operativo/instrumental: mellorar a resiliencia e a competitividade dun sector económico estratéxico como o sector agroalimentario, apoiando a consecución dos obxectivos climáticos, ambientais e de descarbonización da economía
 - ☒ Política panca: política número 1 «Axenda urbana e rural, loita contra o despoboamento e desenvolvemento da agricultura»
 - ☒ Compoñente: compoñente 3 «Transformación ambiental e dixital do sector agroalimentario e pesqueiro»
 - ☒ Medida: investimento 4 «Plan de impulso da sustentabilidade e competitividade da agricultura e a gandería (III): investimentos en agricultura de precisión, eficiencia enerxética e economía circular no sector agrícola e gandeiro»
 - ☒ Contribución á transición ecolóxica: 40 %
 - ☒ Contribución á transformación dixital: 6 %
 - ☒ Subproxecto:
 - ☒ Nome: Programa de apoio aos investimentos en sistemas de xestión de esterco en gandería en Galicia
 - ☐ Descrición:
 - ☐ Localizador:
 - ☐ Fitos/obxectivos críticos:
 - ☐ Período de cumprimento:
 - ☐ Fitos/obxectivos non críticos:
 - ☐ Período de cumprimento:
 - ☐ Liña de acción:
 - ☐ Actuación:
 - ☐ Actividade:
 - ☐ Tarefa:

1.c) Particularidades relacionadas coa execución do obxecto:

1. Para os efectos desta orde, serán de aplicación as definicións recollidas no artigo 2 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, e do Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, así como nas directrices da Unión Europea aplicables ás axudas estatais nos sectores agrícola e forestal e nas zonas rurais de 2014 a 2020 (2014/C 204/01).

2. Así mesmo, para os efectos desta orde entenderase como:

a) Plan de investimento conxunto: aquel promovido, no marco dun mesmo expediente, por parte de entidades asociativas e empresariais do ámbito agrario recoñecidas e cuxos integrantes sexan agricultores e/ou gandeiros, ou de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada, ou sen personalidade, que se constitúan especificamente para contribuír á finalidade desta orde, relativo a varias solicitudes de proxectos de investimento de entre os previstos nesta orde que vaian executarse nas explotacións agrícolas e gandeiras, e que deberán incluír, polo menos, cinco investimentos para realizar en cinco explotacións diferentes de entre os membros da en-



tidade ou agrupación que presente o plan de investimento conxunto.

b) Novo agricultor: a persoa que, no momento de presentar a solicitude de axuda, non ten máis de corenta anos, conta coa capacitación e a competencia profesional adecuada e se establece nunha explotación agraria por primeira vez como titular desa explotación ou aquel que se estableceu durante os cinco anos anteriores á data de solicitude da axuda.

c) Explotación gandeira: calquera instalación, construción ou, no caso de cría ao aire libre, calquera lugar en que se teñan, críen ou manexen animais con fins lucrativos, inscrita no Rexistro de Explotacións Gandeiras conforme o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA).

d) Explotación agrícola: o conxunto de unidades de produción agrícola administradas por un mesmo agricultor, en cada campaña, que se atope rexistrada no Rexistro Xeral da Produción Agrícola (Rexepa) establecido polo Real decreto 9/2015, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene na produción primaria agrícola.

e) Investimento colectivo: aquel promovido no marco dunha mesma solicitude, por parte de entidades asociativas e empresariais do ámbito agrario recoñecidas e cuxos integrantes sexan agricultores e/ou gandeiros, ou de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada, ou sen personalidade, que se constitúan especificamente para contribuír á finalidade desta orde, relativa a un investimento de entre os incluídos nesta orde, que vaia prestar servizo ou do cal vaian beneficiarse, polo menos, cinco explotacións diferentes de entre os membros da entidade ou agrupación solicitante.

f) Esterco: todo excremento ou ouriños de gando con ou sen leite.

g) Compostaxe: descomposición aeróbica controlada do esterco sólido ou residuos vexetais, por microorganismos, que resulta nun compost suficientemente estable para o transporte, o almacenamento e a aplicación ao campo. A fracción sólida dos xurros, tras someterse a un proceso de separación sólido-líquido, tamén pode compostarse. A oxixenación obtense por investimento mecánico das fileiras ou por aireación forzada dos montóns de esterco.

h) Nitrificación-desnitrificación: proceso mediante o cal parte do nitróxeno orgánico se transforma en amonio. O amonio se oxida en nitritos e nitratos por acción de bacterias nitrificantes.

i) Separación sólido-líquido dos xurros: separación das fraccións líquida e sólida, que teñen distinto contido de materia seca, utilizando, p. ex., separadores de prensa de parafuso, decantadores centrífugos, tamices e filtros-prensa. Esta separación pódese realizar mediante equipamentos móbiles.

j) Cubertas de fosas de xurro flexibles: cubertas en forma de tenda, abovedada ou plana das balsas de xurro formada por un material composto flexible e autoportante suxeita por barras a unha estrutura metálica.

k) Cubertas de fosas de xurro ríxidas: a cuberta ou tapa pode ser de formigón, de paneis de fibra de vidro, madeira ou de láminas de poliéster, de forma plana ou cónica, e colócase sobre as balsas ou cisternas de aceiro ou formigón. Está ben pechada e é estanca para minimizar o intercambio de aire e para impedir que entre choiva ou neve. Pode conter un dispositivo para a recollida do metano producido durante a fermentación anaeróbica do xurro.

l) Centros xestores de esterco: entidades públicas ou privadas autorizadas e rexistradas pola Administración para realizar baixo a súa responsabilidade calquera das operacións que compoñen a xestión dos esterco.

2. Réxime xurídico específico aplicable (artigo 2)

Con carácter específico, as presentes subvencións rexeranse polas normas que seguidamente se relacionan:

- ☐ Regulamento (UE) núm. 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre as disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1080/2006
- ☐ Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello
- ☐ Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo
- ☐ Regulamento núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ☐ Regulamento (CE) núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis*
- ☐ Regulamento (CE) núm. 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos



artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector agrícola

☐ Regulamento (UE) núm. 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca

☐ Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado

☐ Regulamento (CE) núm. 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura

☐ Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os regulamentos (UE) núm. 1296/2013, (UE) núm. 1301/2013, (UE) núm. 1303/2013, (UE) núm. 1304/2013, (UE) núm. 1309/2013, (UE) núm. 1316/2013, (UE) núm. 223/2014 e (UE) núm. 283/2014 e a Decisión núm. 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) núm. 966/2012

☐ Regulamento (UE) 2019/316 da Comisión, do 21 de febreiro de 2019, polo que se modifica o Regulamento (UE) núm. 1408/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector agrícola

☐ Regulamento (UE) 2020/460 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de marzo de 2020, polo que se modifica, entre outros, o Regulamento (UE) núm. 1303/2013 no relativo ás medidas específicas para mobilizar investimentos nos sistemas de atención sanitaria dos Estados membros e noutros sectores das súas economías, en resposta ao gromo da COVID-19

☐ Regulamento (UE) 2020/558 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2020, polo que se modifican, entre outros, o Regulamento (UE) núm. 1303/2013 no que respecta a medidas específicas para ofrecer unha flexibilidade excepcional no uso dos fondos estruturais e de investimento europeos en resposta ao gromo da COVID-19 (iniciativas de investimento en resposta ao coronavirus)

☐ Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088

☒ Regulamento (UE) núm. 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea, para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19

☐ Regulamento (UE, Euratom) 2020/2093 do Consello, do 17 de decembro de 2020, polo que se establece o marco financeiro plurianual para o período 2021-2027

☐ Regulamento (UE) 2020/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de decembro de 2020, polo que se modifica o Regulamento (UE) núm. 1303/2013 no que respecta aos recursos adicionais e ás disposicións de execución co fin de prestar asistencia para favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia da COVID-19 e as súas consecuencias sociais e para preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía (REACT UE)

☒ Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia

☐ Comunicación da Comisión (2020/C 91 I/01), do 19 de marzo de 2020. Marco temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual gromo da COVID-19, e as súas modificacións

☐ Marco nacional temporal relativo ás medidas de axuda destinadas a apoiar a economía no contexto do actual gromo da COVID-19, en atención ao contido da Decisión da Comisión Europea SA.56851 (2020/N), do 2 de abril de 2020, e as súas modificacións

☒ Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) de España e anexo ratificado polo Consello de Europa na súa Decisión do 16/06/2021

☒ Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

☐ Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2014-2020

☐ Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Feder para o período 2014-2020, modificada pola Orde HAC/114/2021, do 5 de febreiro

CVE-DOG: e9vzpcf6-k8v4-7ez0-fly0-f4ga1nzn3r4



- ☒ Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se regula o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- ☒ Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que proporcionarán as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- ☒ Outras:
- ☒ Real decreto 948/2021, do 2 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas estatais destinadas á execución de proxectos de investimento dentro do Plan de impulso da sustentabilidade e competitividade da agricultura e a gandería (III) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- ☒ Regulamento (UE) 702/2014, da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea

3. Financiamento (artigo 3)

Importe total: 4.679.312 euros
 Fondo e programa operativo: Mecanismo de recuperación e resiliencia. PO 2021-2026
 Taxa de cofinanciamento:
 Modalidade de financiamento: Mecanismo de recuperación e resiliencia
 Eixe:
 Obxectivo temático:
 Prioridade de investimento:
 Obxectivo específico:
 Campo de intervención:
 Liña de actuación:
 Aplicación orzamentaria: 14.04.713C.770.3
 Código de proxecto: CP 2021 00205
 Anualidades: para o ano 2022, 2.339.656,00 euros, para o ano 2023, 2.114.656,00 euros, e para o ano 2024, 225.000,00 euros
 Tramitación anticipada: ☐ Si ☒ Non

4. Condición de beneficiario, requisitos que deben reunirse e excepcións e responsabilidades (artigo 4)

4.a) Requisitos que deben reunir as empresas ou as persoas traballadoras autónomas solicitantes:

1. Poderán ser beneficiarias desta subvención:
 - a) Persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada ou pública, que sexan titulares de explotacións gandeiras sempre que teñan a consideración de pemes.
 - b) Cando se trate de investimentos colectivos, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada ou pública, ou sen personalidade propia de acordo cos termos previstos no artigo 67.2 da Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, e calquera organización ou asociación de produtores recoñecida pola autoridade competente, que integren un mínimo de cinco titulares de explotación sempre que teñan a consideración de pemes.
 - c) Consorcios ou outra forma de colaboración público-privada, sempre que as actuacións se destinen a un uso en común e redunden en beneficio de explotacións gandeiras concretas que teñan a consideración de pemes, cuxos titulares deron o seu consentimento para que tales entes soliciten a axuda.
 - d) Centros xestores de esterco sempre que teñan a consideración de pemes.
2. Os titulares de explotacións gandeiras suxeitas ao cumprimento do establecido no Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, poderán ser beneficiarios das axudas cando as medidas que se pretende implantar supoñan melloras adicionais a aquelas coas que conta a instalación tras a implantación dos requisitos mínimos establecidos na dita normativa e na Decisión de execución (UE) 2017/302 da Comisión, do 15 de febreiro de 2017, pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD) no marco da Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello respecto a cría intensiva de aves de curral ou de porcos.
3. As entidades beneficiarias deberán cumprir coas seguintes obrigacións en materia de emprego, sen prexuízo das eventuais limitacións respecto diso relacionadas co réxime de normativa de axudas de Estado que sexa de aplicación:



- i. Ter o seu domicilio fiscal e o seu principal centro operativo en España e mantelos, polo menos, durante o período de prestación das actividades obxecto de subvención.
- ii. Prestar as actividades obxecto da subvención desde centros de traballo situados en España.
- iii. Contribuír á creación e mantemento en España de todo o emprego necesario para a prestación da actividade obxecto da subvención, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social no territorio nacional.

4.b) Outras circunstancias, adicionais ás previstas no artigo 4, previstas en normas autonómicas e estatais con rango de lei, e nas normas da Unión Europea, que impiden obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria:

☒ Non se establecen.

☐ Establécense as seguintes:

4.c) Excepcións ás prohibicións previstas no artigo 4 que permiten obter a condición de empresa ou persoa traballadora autónoma beneficiaria:

☐ Non se establecen.

☒ Establécense as seguintes excepcións:

As empresas en crise non poden beneficiarse das axudas, segundo a definición recollida no artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, excepto aquelas que non estaban en crise o 31 de decembro de 2019, pero que pasaron a estalo durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 30 de xuño de 2021.

5. Gastos subvencionables (artigo 5)

5.a) Gastos que teñen a consideración de gastos subvencionables:

1. Considéranse custos elixibles os que se relacionan a continuación:

a) Os custos de deseño, redacción e dirección do proxecto.

Tales gastos, para seren admitidos como custo elixible, deberán atoparse debidamente recollidos e detallados nun documento ou oferta vinculante contractual formalizada co empresario ou profesional correspondente, cuxa copia se achegará xunto co resto de documentación que se debe xuntar á solicitude de axuda.

En ningún caso se admitirá que tales gastos superen o 4 % do importe da axuda solicitada, cun límite de 10.000 euros por expediente.

b) Os custos de execución das obras e instalacións, incluíndo obra civil asociada e instalacións auxiliares necesarias.

c) O investimento en bens, equipamentos e materiais de nova adquisición.

2. Non se consideran custos elixibles as licenzas, taxas, impostos ou tributos.

3. Serán actuacións subvencionables as relacionadas a continuación:

a) Actuación 1-Mellora da eficiencia ambiental das instalacións de almacenamento exterior das dexeccións gandeiras: consistirá na realización dun ou varios dos seguintes investimentos elixibles, con carácter limitativo, relacionados coa adaptación ou cubrición das balsas/depósitos exteriores de esterco novos ou existentes con ou sen aproveitamento enerxético na propia explotación, que reduzan as emisións de amoníaco, gases efecto invernadoiro e gases contaminantes:

a) Cobertura de balsas e outros sistemas de almacenamento de esterco que permitan unha redución de emisións de amoníaco superior ao 80 %, con respecto á técnica de referencia, de balsa de xurro descuberta e sen costra:

1º Cubertas rixidas de formigón.

2º Cubertas rixidas de madeira.

3º Cubertas rixidas de TPO (poliolefina termoplástica).

4º Cubertas flexibles de lona.

5º Almacenamento en bolsa de esterco.

6º Outros sistemas de cuberta rixida ou flexible.

b) Cubrición de balsas de esterco ou bolsas, con recuperación de metano e combustión en facho ou en caldeira na propia explotación.

b) Actuación 2-Mellora da xestión e aproveitamento dos esterco: consistirá na realización dun ou varios dos seguintes investimentos elixibles, con carácter limitativo, relacionados co almacenamento, tratamento ou valorización das dexeccións gandeiras que non comporten un aumento de emisións de amoníaco, gases efecto invernadoiro e gases contaminantes:

1º Nitrificación-desnitrificación.

2º Separación sólido-líquido.

3º Compostaxe.



4º Construción de novos sistemas de almacenamento ou adaptación dos existentes ata alcanzar o tempo de almacenamento que permita un uso adecuado dos esterco. Estes investimentos non serán elixibles en explotacións gandeiras cuxos titulares estean obrigados a cumprir requisitos específicos para as balsas de esterco con independencia da capacidade máxima ou outros requisitos particulares que se exixan conforme a normativa de ordenación vixente.

4. Con carácter xeral, as actuacións, para que sexan subvencionables, terán un investimento mínimo de 10.000 euros por proxecto de investimento.

5.b) Posibilidade de compensar gastos subvencionables (só no caso de subvencións para financiar investimentos ou gastos de distinta natureza):

☒ Non.

☐ Si. Poderanse compensar os seguintes gastos subvencionables:

Porcentaxe máxima que se permite compensar:

☐ Porcentaxe máxima:

☐ A porcentaxe máxima indícase na resolución de concesión.

5.c) Custos indirectos:

☒ Non serán subvencionables.

☐ Serán subvencionables coas seguintes particularidades:

☐ Criterios de imputación e método de asignación:

☐ Fracción do custo total que se considera custo indirecto imputable á actividade subvencionada:

☐ Outras:

5.d) Prazo dentro do cal deben realizarse os gastos subvencionables:

☒ Prazo: 18 meses desde a concesión da subvención

☒ A axuda solicitada debe supoñer un efecto incentivador para o proxecto ou actuación presentados (artigo 6. Regulamento UE núm. 651/2014 da Comisión)

5.e) Período durante o cal se deben destinar os bens ao fin concreto: 10 anos

5.f) Regras en materia de amortización:

5.g) Subcontratación

☒ Non se permite

☐ Permítese nas seguintes condicións:

☐ Límite máximo:

☐ Outras:

5.h) Outras particularidades:

☐ Non se establecen particularidades

☒ Establécense as seguintes particularidades:

☒ Non terán a consideración de inicio dos traballos as seguintes actuacións: gasto de deseño, redacción e dirección do proxecto e os relativos a memorias técnicas

☒ Outras:

1. A construción de novos sistemas de almacenamento apoiará o obxectivo europeo de garantir que polo menos o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532/EC) xerados no sitio de construción está preparado para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE. Os operadores limitarán a xeración de residuos en procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE, tendo en conta as mellores prácticas dispoñibles, e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e a reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición. Os deseños de edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade e, en particular, demostrarán, con referencia á norma ISO 20887 ou outras normas para avaliar a capacidade de desmontaxe ou adaptabilidade dos edificios, como están deseñados para seren máis eficientes no uso de recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e reciclaxe, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición.

2. As entidades beneficiarias deberán contribuír aos obxectivos de soberanía dixital e autonomía estratéxica da Unión Europea, así como garantir a seguridade da cadea de subministración, tendo en conta o contexto internacional e a dispoñibilidade de calquera compoñente ou subsistema tecnolóxico sensible que poida formar parte da solución, median-



te a adquisición de equipamentos, compoñentes, integracións de sistemas e software asociado a provedores situados na Unión Europea.

3. Características mínimas dos investimentos en sistemas de xestión de esterco

Os investimentos elixibles deberán cumprir as características mínimas seguintes:

A. Cobertura de balsas e outros sistemas de almacenamento de esterco que permitan unha redución de emisións de amoníaco superior ao 80 %.

– A vida útil mínima será de dez anos.

– Nas cubertas flexibles inclúense cubertas en forma de tenda, cubertas abovedadas e cubertas planas.

B. Nitrificación-desnitrificación. Aplicable unicamente en naves/explotacións cando é necesario eliminar o nitróxeno do esterco para evitar superar os niveis máximos de nitróxeno no solo ou augas superficiais ou profundas (p. ex. no caso de zonas designadas como «Zonas vulnerables»). Disporá de sensores automatizados para a operación automática da instalación.

C. Separación sólido-líquido:

Aplicable cando:

– Sexa preciso reducir o contido de nitróxeno e de fósforo do esterco para evitar superar os niveis máximos de nitróxeno e fósforo no solo ou augas superficiais ou profundas ou,

– non poida transportarse o esterco para a súa aplicación ao campo a un custo razoable ou,

– sexa necesario para aplicar outra técnica de tratamento posterior

Tamén se incluírá maquinaria ou transporte móbil necesario para levar a cabo a separación sólido-líquido de forma colectiva entre distintas granxas.

D. Compostaxe. Inclúe o proceso de dixestión aeróbica para a obtención dun compost e a maquinaria necesaria. Pode provir dun esterco sólido de inicio ou provir da fracción sólida doutros esterco sometidos a separación e polo que se obteña unha fracción sólida.

A instalación de compostaxe terá o chan impermeabilizado e disporá de cuberta de obra ou malla xeotéxtil que impida o paso da auga, pero permita o intercambio de oxíxeno.

De ser o caso, disporá dunha instalación que permita alcanzar o grao correcto de humidade para o proceso de compostaxe

E. Instalación de plantas de biogás de uso individual en balsas de esterco cubertas ou balsas con ou sen aproveitamento enerxético para o seu aproveitamento *in situ* ou posterior, cumprindo todos os criterios ambientais, incluíndo os criterios de sustentabilidade e de redución de emisións GEI descritos na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables, así como coa súa normativa derivada:

– A vida útil mínima será de dez anos.

– Deberán ter unha capacidade de almacenamento adecuada ao período de retención óptimo do dixestato.

– Os depósitos terán que soportar tensións mecánicas, químicas e térmicas.

– Os depósitos deben estar construídos a proba de fugas para a recollida e transferencia dos xurros (p. ex. fosas, canles, desaugadoiros, estacións de bombeo).

– Os depósitos terán instalado un sistema de detección de fugas, como pode ser unha xeomembrana, unha capa de drenaxe e un sistema de condutos de desaugadoiro, e contar cun peche hermético e un sistema de recollida e eliminación de biogás (facho) ou utilización como fonte de enerxía.

– A base, paredes e teito dos depósitos serán impermeables, de formigón ou revestimento plástico (ou dobre revestimento).

F. Construción de novos sistemas de almacenamento, ou adaptación dos existentes ata alcanzar o tempo de almacenaxe que permita un uso adecuado dos esterco, excepto en explotacións gandeiras cuxos titulares estean obrigados conforme a normativa de ordenación vixente.

O redimensionamento da capacidade de almacenamento de esterco en granxas existentes poderase realizar construíndo un depósito novo, engadindo outro para incrementar a capacidade ou utilizando unha bolsa ou depósitos de esterco para almacenar o volume adicional. Deberanse cumprir as condicións seguintes:

– Ter unha vida útil mínima de dez anos.

– A capacidade de almacenamento será de, polo menos, 6 meses e adecuada ás características e necesidades agronómicas da contorna. Isto é, con capacidade suficiente para conservar os esterco durante os períodos en que non é posible aplicalos ao campo.

– Para reducir o coeficiente entre a superficie de emisión e o volume do depósito as dimensións dos depósitos/balsas axustaranse ás condicións seguintes:

i. Profundidade (altura) mínima 2 metros, debendo establecer unha «marxe libre» ou distancia entre a superficie de

CVE-DOG: e9wzpcf6-k8v4-7ez0-fly0-f4ga1nzn3r4



esterco e o bordo superior da balsa de 0.5-0.75 m. Nos depósitos rectangulares, a proporción entre altura e superficie será de 1:30-50. Nos depósitos circulares, a relación altura-diámetro será de 1:3 a 1:4. Pode aumentarse a altura das paredes laterais.

ii. Inclinação mínima noiro 50 %.

iii. No caso de que a profundidade non supere os 3 metros, a relación será de:

– Profundidade-superficie 1:5 se altura < 3m.

– Profundidade-diámetro 1:4 se altura < 3m.

iv. No caso das bolsas de esterco, terán as dimensións adecuadas ao volume que sexa necesario almacenar.

– Os depósitos terán que:

• Soportar tensións mecánicas, químicas e térmicas.

• Estar construídos a proba de fugas para a recollida e transferencia dos esterco (p. ex. fosas, canles, desaugadoiros, estacións de bombeo).

• Ter instalado un sistema de detección de fugas, por exemplo, unha xeomembrana, unha capa de drenaxe e un sistema de condutos de desaugadoiro.

• Ter a base e paredes dos depósitos impermeables, de formigón ou revestimento plástico (ou dobre revestimento).

– A construción dun depósito novo ou calquera modificación do seu tamaño ou estrutura deberá acompañarse da adopción de técnicas que reduzan as emisións de amoníaco en, polo menos, un 80 % con respecto á referencia do depósito sen ningún tipo de cuberta.

Cando esta técnica supoña o cubrimento do depósito e cando este cubrimento poida implicar a acumulación de gas metano, adoptaranse sistemas de xestión do devandito gas que eliminen os riscos relativos á súa acumulación ou emisión á atmosfera.

6. Contía das subvencións (artigo 6)

6.a) Determinación do importe individualizado da subvención:

☐ Porcentaxe máxima:

☐ Porcentaxe mínima:

☐ Importe certo:

☒ Outra forma:

1. A intensidade máxima das axudas será, con carácter xeral, dun 50 % do custo elixible, excepto no caso dos beneficiarios incluídos no punto 4.a).2 deste anexo, cuxo límite máximo se establece nun 25 %. Este límite poderá incrementarse 20 puntos porcentuais no caso dos investimentos colectivos, dos realizados polos consorcios ou outra forma de colaboración público-privada ou aqueles cuxos beneficiarios teñan a condición de novos agricultores.

2. Estas axudas estarán sometidas aos requisitos e límites establecidos no capítulo I e no artigo 14 do Regulamento (UE) nº 702/2014, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

3. A contía máxima da axuda establécese en:

a) Para a actuación 1:

Cubrición de balsas sen aproveitamento enerxético.

i. Para actuacións realizadas polos beneficiarios recollidas no punto 4.a).1.a) 100.000 euros.

ii. Para actuacións realizadas polos beneficiarios recollidas no punto 4.a).1.c) e d) ou investimentos colectivos: 300.000 euros.

Cubrición de balsas con aproveitamento enerxético na propia granxa.

i. Para actuacións realizadas polos beneficiarios recollidas no punto 4.a).1.a) 300.000 euros.

ii. Para actuacións realizadas polos beneficiarios recollidas no punto 4.a).1.c) e d) ou investimentos colectivos: 900.000 euros.

b) Para a actuación 2:

i. Para actuacións realizadas polos beneficiarios recollidas no punto 4.a).1.a) 300.000 euros.

ii. Para actuacións realizadas polos beneficiarios recolleitos no punto 4.a).1.c) e d) ou investimentos colectivos: 900.000 euros.

En todo caso, conforme o artigo 14 do Regulamento (UE) nº 702/2014, do 25 de xuño de 2014, non poderá concederse en ningún caso unha axuda superior a 500.000 euros por empresa e por proxecto de investimento.

CVE-DOG: e9vzpcf6-k8v4-7ez0-fly0-f4ga1nzn3r4



6.b) Particularidades:

☒ Obrigación de financiar, por parte do beneficiario, unha porcentaxe mínima do investimento ou da actuación subvencionable con cargo ao financiamento privado exento de calquera tipo de apoio público:

☒ Non

☐ Si:

Porcentaxe mínima:

☐ Primas para determinados tipos de empresas ou pola colaboración entre distintos suxeitos:

☐ Límites da intensidade máxima da axuda:

☐ Outras:

7. Criterios de valoración (artigo 7)
7.a) Criterios de valoración:

1. A orde de prelación das solicitudes virá determinada pola suma da puntuación obtida conforme os criterios de priorización.

2. En primeiro lugar, atenderanse as solicitudes que, de acordo cos criterios de priorización, obtiveron algún punto, ata o esgotamento dos fondos. En caso de non esgotarse o orzamento dispoñible, concederanse as axudas aos beneficiarios sen carácter de prioritarios, ata as correspondentes contías ou intensidades máximas de axuda por beneficiario.

Criterio	Parámetros	Documentación	Verificación sectorial	Ponderación
1. Plan de investimento conxunto	Polo menos cinco investimentos para realizar en cinco explotacións diferentes de entre os membros da entidade ou agrupación que presente o plan	Solicitud	Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia	5 puntos
2. Investimentos colectivos	Que vaia prestar servizo ou do cal vaian beneficiarse, polo menos, cinco explotacións diferentes de entre os membros da entidade ou agrupación solicitante	Solicitud	Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia	5 puntos
3. Explotación de titularidade compartida	Estar inscrita no Rexistro de Titularidade Compartida	Solicitud	Rexistro de Titularidade Compartida	2 puntos
4. Novo agricultor	Non ter máis de corenta anos. Titulación académica de capataz agrícola, de técnico/a ou técnico/a superior en ciclos formativos da familia profesional de actividades agrarias, ou outra titulación superior da rama agraria ou cursos relacionados coa incorporación da persoa nova cunha duración mínima de 250 horas ou cinco anos de exercicio da actividade agraria. Establecerse nunha explotación agraria por primeira vez como titular desa explotación ou aquel que se estableceu durante os cinco anos anteriores á data de solicitude da axuda	DNI Titulación académica Informe de vida laboral	Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia	2 puntos
5. Pertencer a unha entidade asociativa prioritaria		Certificado da entidade asociativa prioritaria	Rexistro nacional de Entidades Asociativas Prioritarias	1 punto
6. Consorcios ou outra forma de colaboración público-privada ou centros xestores de esterco		Solicitud	Rexistro oficial	3 puntos
7. Proxecto de investimento executado en zona vulnerable á contaminación por nitratos	Localización do proxecto de investimento nunha zona vulnerable	Solicitud	Declaración de zona vulnerable	3 puntos
8. Proxecto de investimentos no marco da actuación 1	Investimentos elixibles no marco da actuación 1	Solicitud		2 puntos

7.b) Criterios de desempate:

En caso de empate, primeiro atenderanse as solicitudes que alcancen maior puntuación nos criterios 1 ao 5.

8. Réxime de compatibilidade das subvencións (artigo 8)

8.a) Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais:

☐ Non

☒ Si. Observacións ou motivacións sobre as normas ou as causas da compatibilidade:

CVE-DOG: e9vzpc6-k8v4-7ez0-fly0-f4ga1nzon3r4



1. As axudas serán compatibles con outras subvencións ou axudas que puidesen concederse para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, incluídas as *de minimis*, sempre que a axuda concedida aos beneficiarios últimos destas non supere a porcentaxe ou contía máxima da axuda prevista nesta orde e na normativa da Unión Europea aplicable en materia de axudas de Estado.
2. As axudas convocadas por esta orde serán compatibles entre si; un mesmo beneficiario poderá recibir axuda correspondente a máis dun dos programas de apoio, sempre que se garanta a ausencia de dobre financiamento para un mesmo investimento elixible ou custo subvencionable.
3. De conformidade co artigo 9 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, a axuda concedida no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia sumarase á proporcionada conforme outros programas e instrumentos da Unión. As reformas e os proxectos de investimento poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo ou investimento elixible. Así mesmo, as actuacións que sexan financiadas polo Mecanismo de recuperación e resiliencia deberán quedar claramente diferenciadas das que sexan financiadas a través doutras fontes, con identificación dos fitos ou obxectivos que a aquelas lles correspondan.

8.b) O réxime aplicable será o seguinte:
8.b.1) Axudas de estado:
☐ Non

☒ Si

☐ Regulamento *de minimis*
☐ Axudas notificadas á Comisión (as axudas notificaranse antes de aprobar as bases reguladoras. Os pagamentos quedan condicionados á autorización, expresa ou tácita, da Comisión Europea)

☐ Axudas outorgadas no marco temporal COVID-19

☐ Axudas cubertas polo Regulamento xeral de exención por categorías

8.b.2) Outras axudas:

Axudas cubertas polo Regulamento (UE) 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea

9. Particularidades relativas ao procedemento de aplicación (artigo 9)
9.a) Condicións específicas para o outorgamento de subvencións por contía superior á que se determina na convocatoria:
☒ Non se establecen

☐ Establécense as seguintes:

9.b) Outras particularidades relativas ao procedemento de aplicación:
☐ Non se establecen peculiaridades

☒ Establécense as seguintes peculiaridades:

☐ Informe favorable previo do organismo intermedio sobre a ampliación de crédito

☒ Outras: poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria como consecuencia dunha xeración de crédito procedente da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural mediante resolución do titular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

10. Presentación de solicitudes (artigo 10)
10.a) Declaracións responsables adicionais que deben presentar as empresas ou as persoas traballadoras autónomas solicitantes:
☒ Non se establecen

☐ Establécense as seguintes:

☐ Compromiso de conceder os dereitos e accesos necesarios para garantir que a Comisión Europea, a OLAF, o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e as autoridades nacionais exerzan as súas competencias de control


☐ Compromiso de prever medidas para cumprir a etiquetaxe verde segundo o previsto no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia

☐ Compromiso de prever medidas para cumprir a etiquetaxe dixital segundo o previsto no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia

☐ Outras:

10.b) Prazo de presentación de solicitudes: 2 meses. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

10.c) Particularidades relativas ao réxime de presentación de solicitudes:

☒ Non se establecen particularidades

☐ Establécense as seguintes particularidades:

☐ Presentación específica na oficina virtual do órgano convocante:

☐ Guía para a presentación de solicitudes: (*ligazón*)

☐ Outras:

11. Documentación complementaria (artigo 11)

11.a) Requisitos relativos á memoria da actuación:

11.b) Documentación complementaria adicional que deben presentar as empresas ou as persoas traballadoras autónomas solicitantes:

☐ Non se establece.

☒ Establécese a seguinte:

☐ Anexo normalizado de comprobación de datos de terceiras persoas

☒ Outras:

a) Acreditación da representación da persoa representante (se for o caso).

b) Orzamentos dos investimentos. Cando o importe do gasto subvencionable supere os 15.000 euros en adquisición de equipamentos ou os 40.000 euros en obras de instalación, o solicitante deberá achegar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen.

c) Contabilidade do último exercicio contable pechado e do da anualidade 2019.

11.c) Particularidades relativas á presentación da documentación complementaria:

☒ Non se establecen particularidades

☐ Establécense as seguintes particularidades:

☐ Documentos que se consideran relevantes:

☐ Outras:

12. Comprobación de datos (artigo 12)

12.a) Consultas automáticas adicionais que realizará a Administración salvo que exista oposición da empresa ou da persoa autónoma solicitante:

☐ Non se establecen

☐ Establécense as seguintes:

☒ Rexistro de Titularidades Reais creado pola Orde JUS/319/2018. Este rexistro cederá información ao Sistema de fondos europeos, segundo as previsións contidas na normativa europea e nacional que resulte de aplicación.

☒ Outras bases de datos administrativas que informen sobre titularidades reais. Estes sistemas cederán información ao Sistema de fondos europeos, segundo as previsións contidas na normativa europea e nacional que resulte de aplicación.

☒ Outras:

– Inhabilitación para obter subvencións e axudas

– Concesión de subvencións e axudas

– Concesións pola regra *de minimis*

– Vida laboral



- Vida laboral da empresa
- Imposto de actividades económicas ampliado (IAE)
- Certificado de renda
- Domicilio fiscal
- Título oficial non universitario da persoa solicitante
- Título oficial universitario da persoa solicitante

12.b) Particularidades relativas á comprobación de datos por parte da Administración:

- ☐ Non se establecen particularidades
- ☒ Establécense as seguintes particularidades:

- ☐ Autorización da persoa solicitante para que o organismo intermedio do programa operativo consulte a información da Administración pública competente relativa á obrigação de manter a actividade e/ou o emprego
- ☒ Aceptación da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que resulte de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- ☐ Outras:

13. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude, notificacións e publicacións (artigos 14, 21 e 24)

13.a) Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

- ☒ Non se establecen
- ☐ Establécense os seguintes:

- ☐ Presentación específica na oficina virtual do órgano convocante:
- ☐ Outros

13.b) Notificacións e publicacións

- ☐ Lugar de publicación dos actos administrativos (distinto do DOG): *páxina web, oficina virtual, etc.*
- ☐ Sistema específico para as notificacións complementarias electrónicas (distinto de Notifica.gal):
- ☐ Medio para a publicidade das subvencións concedidas, individualmente consideradas, de importe inferior a 3.000 €:

- ☐ Outras peculiaridades:

14. Órganos competentes (artigos 15 a 17)

14.a) Órgano instructor: Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural

- ☐ Outras funcións:

14.b) Órgano competente para resolver: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Natureza da súa actuación:

- ☐ No uso das competencias atribuídas por:
- ☒ Por delegación de: a persoa titular da Consellería do Medio Rural, en virtude da Orde da Consellería do Medio Rural do 17 de novembro de 2015

14.c) Comisión de valoración

14.c.1) Composición:

- Presidencia: persoa titular do Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario
- Vogalías: 2 persoas dependentes do Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario
- Secretaría: persoa funcionaria do Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario con categoría non inferior a xefe de negociado

14.c.2) Outras funcións:

14.d) Outras funcións para desempeñaren órganos ou unidades distintos dos anteriores:

14.e) Particularidades relativas aos órganos competentes, ao proceso de avaliación ou á proposta de resolución:

- ☒ Non se establecen peculiaridades
- ☐ Establécense as seguintes peculiaridades:

15. Resolución (artigo 18):

☐ Autorización da persoa solicitante para que o organismo intermedio do programa operativo consulte a información da Administración pública competente relativa á obrigação de manter a actividade e/ou o emprego

☒ Aceptación da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que resulte de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

☐ Outras:

13. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude, notificacións e publicacións (artigos 14, 21 e 24)
13.a) Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

- ☒ Non se establecen
- ☐ Establécense os seguintes:

- ☐ Presentación específica na oficina virtual do órgano convocante:
- ☐ Outros

13.b) Notificacións e publicacións

- ☐ Lugar de publicación dos actos administrativos (distinto do DOG): *páxina web, oficina virtual, etc.*
- ☐ Sistema específico para as notificacións complementarias electrónicas (distinto de Notifica.gal):
- ☐ Medio para a publicidade das subvencións concedidas, individualmente consideradas, de importe inferior a 3.000 €:
- ☐ Outras peculiaridades:

14. Órganos competentes (artigos 15 a 17)
14.a) Órgano instructor: Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural

☐ Outras funcións:

14.b) Órgano competente para resolver: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Natureza da súa actuación:

- ☐ No uso das competencias atribuídas por:
- ☒ Por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural, en virtude da Orde da Consellería do Medio Rural do 17 de novembro de 2015

14.c) Comisión de valoración
14.c.1) Composición:

Presidencia: persoa titular do Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario

Vogalías: 2 persoas dependentes do Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario

Secretaría: persoa funcionaria do Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario con categoría non inferior a xefe de negociado

14.c.2) Outras funcións:
14.d) Outras funcións para desempeñar por órganos ou por unidades distintos dos anteriores:
14.e) Particularidades relativas aos órganos competentes, ao proceso de avaliación ou á proposta de resolución:

- ☒ Non se establecen peculiaridades
- ☐ Establécense as seguintes peculiaridades:



15. Resolución (artigo 18):

15.a) Prazo máximo de resolución do procedemento: seis meses contados a partir da data de publicidade do extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

15.b) Particularidades relativas á resolución:
☒ **Non se establecen peculiaridades**
☐ **Establécense as seguintes peculiaridades:**

☐ A resolución de concesión das axudas *de minimis* informará do importe do equivalente da subvención bruta

☐ A resolución de concesión queda condicionada á verificación das seguintes circunstancias:

☐ Compromiso indicado no punto 10 a) do cadro de especificacións relativo á concesión dos dereitos e accesos necesarios para a execución das competencias de control

☐ Outras circunstancias condicionantes:

☐ Outras:

16. Réxime de recursos (artigo 19)

16.a) Órgano xurisdiccional contencioso-administrativo con sede en: Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

16.b) Particularidades relativas ao réxime de recursos:
☒ **Non se establecen peculiaridades**
☐ **Establécense as seguintes peculiaridades:**
17. Modificación da resolución de concesión (artigo 25)

17.a) A empresa ou a persoa traballadora autónoma beneficiaria da subvención pode instar do órgano concedente a iniciación do procedemento para modificar a resolución de concesión:

☒ **Non.**
☐ **Si.**

17.b) A modificación das resolucións de concesión poderá consistir en:

17.c) O prazo para presentar as solicitudes de modificación será o seguinte:

17.d) Particularidades relativas ao réxime de modificación da resolución:

☐ **Non se establecen peculiaridades**
☐ **Establécense as seguintes peculiaridades:**
18. Obrigacións das empresas ou das persoas traballadoras autónomas beneficiarias (artigo 26).
18.a) Requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto:

☒ As accións de información e comunicación contarán co emblema da Unión Europea e a referencia ao fondo europeo que financia a actuación

☒ Nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo de A3 nun lugar destacado e visible

☒ Informar a través da páxina web, en caso de dispoñer dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada.

☒ Exhibir de forma correcta e destacada o emblema da UE cunha declaración de financiamento adecuado que indique "financiado pola Unión Europea-*NextGenerationEU*", xunto ao logo do PRTR dispoñible na ligazón <https://planderrecuperacion.gob.es/identidad-visual>, en particular cando promovan accións e os seus resultados, facilitarán información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

☐ Outros:

18.b) Outras obrigacións e condicións específicas:
☐ **Non se establecen.**
☒ **Establécense as seguintes:**

☒ Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade, que permita cumprir os requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) núm. 1304/2013, e presentar os indicadores de produtividade e resultado a que se refire o anexo I do devandito Regulamento, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046.



Os indicadores de produtividade relativos á persoa solicitante refírense á data inmediatamente anterior ao comezo da vinculación do/da participante coa actuación subvencionada, mentres que os indicadores de resultado inmediato deberán referirse ao período comprendido entre o día posterior ao da finalización da súa vinculación coa operación e as catro semanas seguintes, no período de xustificación da correspondente subvención.

A Administración poderá requirir novos datos no prazo de seis meses desde que finalice a vinculación do/da participante coa actividade cofinanciada, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no citado Regulamento.

☒ Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade, que permita cumprir os requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados enumerados no artigo 6 do Regulamento (UE) núm. 1301/2013, e presentar os indicadores de produtividade e resultado a que se refire o anexo I do devandito Regulamento, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046.

☒ Conservar os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de 5 anos a partir da recepción do último pagamento.

☐ Outras:

19. Xustificación e pagamento (artigos 27 e 28)

19.a) A modalidade de pagamento será a seguinte:

- ☒ Pagamento do 100 % do importe da subvención.
☐ Pagamento fraccionado, mediante pagamentos a conta.

Garantías:

- ☐ Non se establecen.
☐ Si se establecen, nos seguintes termos:

Forma:

Contía:

Órgano en cuxo favor constituír:

Procedemento de cancelación:

19.b) Pagamento anticipado.

Condições para que as empresas ou as persoas autónomas beneficiarias poidan solicitar esta forma de pagamento:

Documentación que debe achegarse á solicitude de anticipo:

Porcentaxe de anticipo previsto (máximo do 80 %): 30 %

Garantías:

- ☒ Non se establecen.
☐ Si se establecen, nos seguintes termos:

Forma:

Contía:

Órgano en cuxo favor constituír:

Procedemento de cancelación:

Secuencia do pagamento anticipado:

NÚM. PAGAMENTO	IMPORTE OU PORCENTAXE DE PAGAMENTO	MOMENTO OU DATA DE PAGAMENTO	PAZO DE XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO	IMPORTE OU PORCENTAXE XUSTIFICADO DE PAGAMENTOS ANTERIORES

19.c) Peculiaridades relativas ao réxime de pagamentos:

- ☐ Non se establecen peculiaridades
☒ Establécense as seguintes peculiaridades:
☐ Presentación específica da solicitude de pagamento na oficina virtual do órgano convocante:
☒ Outras:

Atendendo ao artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase conceder unha ampliación do prazo establecido, que non exceda da metade deste, se as circunstancias o aconsellan e con isto non se prexudican dereitos dun terceiro. Esta ampliación deberá solicitarse cunha anterioridade de polo menos 1 mes antes de que remate o prazo de execución.

CVE-DOG: e9vzpcfb-k8v4-7ez0-fly0-f4ga1nzon3r4



Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de xustificación. Os acordos sobre ampliación dos prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso

19.d) Prazo de presentación da solicitude de pagamento: 18 meses desde a concesión da subvención.

19.e) Documentación xustificativa adicional que deberá presentar a empresa ou a persoa traballadora autónoma beneficiaria:

☐ **Non se establece**

☒ **Establécese a seguinte:**

☐ **Método OCS:**

☐ Documentación xustificativa da implantación do método

☒ **Conta xustificativa simplificada:**

☒ Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, en que se indiquen as actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia.

☒ Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue de acordo cun orzamento estimado, indicaranse as desviacións producidas

☒ Detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, en que se indique o importe e a súa procedencia.

☐ Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

☐ **Anexo normalizado de comprobación de datos de terceiras persoas**

☒ **Outra:**

Contabilidade do último exercicio contable pechado.

Permisos administrativos (licenzas, autorizacións), de ser o caso.

Anexo X, declaración responsable sobre principios transversais, Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

19.f) Particularidades relativas ao réxime de xustificación da subvención:

☒ **Non se establecen peculiaridades**

☐ **Establécense as seguintes peculiaridades:**

☐ Guía para a xustificación (*ligazón*)

☐ Documentos que se consideran relevantes:

☐ Requisitos específicos da memoria xustificativa da actuación:

☐ Requisitos específicos da memoria xustificativa económica:

☐ Outras:

20. Perda do dereito á subvención e reintegro (artigo 29)

Particularidades relativas ao réxime de reintegro da subvención:

☒ **Non se establecen peculiaridades**

☐ **Establécense as seguintes peculiaridades:**

21. Réxime de control (artigo 31)

Particularidades relativas ao réxime de control da subvención:

☐ **Non se establecen peculiaridades**

☒ **Establécense as seguintes peculiaridades:**

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá poñer os devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web <https://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>. Tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI) (<https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania>).

22. Entrada en vigor: o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

CVE-DOG: e9wzpc6-k8v4-7ez0-ftyo-f4ga1nzon3r4



ANEXO III
CADRO DE ESPECIFICACIÓNS
Investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovables (biogás e biomasa agrícola)
1. Obxecto e actuacións subvencionables (artigo 1)
1.a) Obxecto.

Definición: apoiar os investimentos destinados a mellorar a eficiencia enerxética, así como a xeración de enerxía a partir de fontes renovables, en particular biogás e biomasa agrícola, fomentar a economía circular a través da valorización enerxética das dexeccións na gandaría para obter biogás a partir do esterco, que sirva para o autoconsumo enerxético nas granxas e as actuacións en materia de xestión, provisión e acondicionamento de biomasa de orixe agrícola, permitindo reducir o consumo final de enerxía fósil nas explotacións agropecuarias

Código do procedemento: MR406G

1.b) Planificación:

- ☒ Plan: Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Mecanismo de recuperación e resiliencia
- ☒ Encaixe estrutural no plan:
 - ☐ Eixe:
 - ☐ Prioridade/prioridade de investimento:
 - ☒ Obxectivo estratéxico/operativo/instrumental: mellorar a resiliencia e a competitividade dun sector económico estratéxico como o sector agroalimentario, apoiando a consecución dos obxectivos climáticos, ambientais e de descarbonización da economía
 - ☒ Política panca: política número 1 «Axenda urbana e rural, loita contra o despoboamento e desenvolvemento da agricultura»
 - ☒ Compoñente: compoñente 3 «Transformación ambiental e dixital do sector agroalimentario e pesqueiro»,
 - ☒ Medida: Investimento 4 «Plan de impulso da sustentabilidade e competitividade da agricultura e a gandaría (III): investimentos en agricultura de precisión, eficiencia enerxética e economía circular no sector agrícola e gandeiro»
 - ☒ Contribución á transición ecolóxica: 40 %
 - ☒ Contribución á transformación dixital: 6 %
 - ☒ Subproxecto:
 - ☒ Nome: investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovables (biogás e biomasa agrícola) en Galicia
 - ☐ Descrición:
 - ☐ Localizador:
 - ☐ Fitos/obxectivos críticos:
 - ☐ Período de cumprimento:
 - ☐ Fitos/obxectivos non críticos:
 - ☐ Período de cumprimento:
 - ☐ Liña de acción:
 - ☐ Actuación:
 - ☐ Actividade:
 - ☐ Tarefa:

1.c) Particularidades relacionadas coa execución do obxecto:

1. Para os efectos desta orde, serán de aplicación as definicións recollidas no artigo 2 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, e do Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, así como nas directrices da Unión Europea aplicables ás axudas estatais nos sectores agrícola e forestal e nas zonas rurais de 2014 a 2020 (2014/C 204/01).

2. Así mesmo, para os efectos desta orde entenderase como:

a) Plan de investimento conxunto: aquel promovido, no marco dun mesmo expediente, por parte de entidades asociativas e empresariais do ámbito agrario recoñecidas e cuxos integrantes sexan agricultores e/ou gandeiros, ou de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada, ou sen personalidade, que se constitúan especificamente para contribuír á finalidade desta orde, relativo a varias solicitudes de proxectos de investimento de entre os recollidos nesta orde que vaian executarse nas explotacións agrícolas e gandeiras, e que deberán pre-



ver, polo menos cinco investimentos para realizar en cinco explotacións diferentes de entre os membros da entidade ou agrupación que presente o plan de investimento conxunto.

b) Novo agricultor: a persoa que, no momento de presentar a solicitude de axuda non ten máis de corenta anos, conta coa capacitación e a competencia profesional adecuada e se establece nunha explotación agraria por primeira vez como titular desa explotación ou aquel que se estableceu durante os cinco anos anteriores á data de solicitude da axuda.

c) Explotación gandeira: calquera instalación, construción ou, no caso de cría ao aire libre, calquera lugar en que se teñan, críen ou manexen animais con fins lucrativos, inscrita no Rexistro de Explotacións Gandeiras conforme o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA).

d) Explotación agrícola: o conxunto de unidades de produción agrícola administradas por un mesmo agricultor, en cada campaña, que se atope rexistrada no Rexistro Xeral da Produción Agrícola (Rexepa) establecido polo Real decreto 9/2015, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene na produción primaria agrícola.

e) Investimento colectivo: aquel promovido no marco dunha mesma solicitude, por parte de entidades asociativas e empresariais do ámbito agrario recoñecidas e cuxos integrantes sexan agricultores e/ou gandeiros, ou de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada, ou sen personalidade, que se constitúan especificamente para contribuír á finalidade desta orde, relativa a un investimento de entre os recollidos nesta orde, que vaia prestar servizo ou da cal vaian beneficiarse, polo menos, cinco explotacións diferentes de entre os membros da entidade ou agrupación solicitante.

f) Planta de biogás de baixa capacidade: aquelas instalacións cunha capacidade de tratamento e xestión entre 10.000-20.000 m³ de esterco/ano.

g) Biomasa agrícola: restos de poda procedentes de cultivos leñosos e restos de colleita herbáceos

2. Réxime xurídico específico aplicable (artigo 2)

Con carácter específico, as presentes subvencións rexeranse polas normas que seguidamente se relacionan:

- ☐ Regulamento (UE) núm. 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre as disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1080/2006
- ☐ Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello
- ☐ Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo
- ☐ Regulamento núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ☐ Regulamento (CE) núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis*
- ☐ Regulamento (CE) núm. 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector agrícola
- ☐ Regulamento (UE) núm. 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
- ☒ Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado
- ☐ Regulamento (CE) núm. 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura
- ☒ Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os regulamentos (UE) núm. 1296/2013, (UE) núm. 1301/2013, (UE) núm. 1303/2013, (UE) núm. 1304/2013, (UE) núm. 1309/2013, (UE) núm. 1316/2013, (UE) núm. 223/2014 e (UE) núm. 283/2014 e a Decisión núm. 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) núm. 966/2012



- ☐ Regulamento (UE) 2019/316 da Comisión, do 21 de febreiro de 2019, polo que se modifica o Regulamento (UE) núm. 1408/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de *minimis* no sector agrícola
- ☐ Regulamento (UE) 2020/460 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de marzo de 2020, polo que se modifica, entre outros, o Regulamento (UE) núm. 1303/2013 no relativo ás medidas específicas para mobilizar investimentos nos sistemas de atención sanitaria dos Estados membros e noutros sectores das súas economías, en resposta ao gromo da COVID-19
- ☐ Regulamento (UE) 2020/558 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2020, polo que se modifican, entre outros, o Regulamento (UE) núm. 1303/2013 no que respecta a medidas específicas para ofrecer unha flexibilidade excepcional no uso dos fondos estruturais e de investimento europeos en resposta ao gromo da COVID-19 (iniciativas de investimento en resposta ao coronavirus)
- ☐ Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088
- ☒ Regulamento (UE) núm. 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea, para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19
- ☐ Regulamento (UE, Euratom) 2020/2093 do Consello, do 17 de decembro de 2020, polo que se establece o marco financeiro plurianual para o período 2021-2027
- ☐ Regulamento (UE) 2020/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de decembro de 2020, polo que se modifica o Regulamento (UE) núm. 1303/2013 no que respecta aos recursos adicionais e ás disposicións de execución co fin de prestar asistencia para favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia da COVID-19 e as súas consecuencias sociais e para preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía (REACT UE)
- ☒ Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia
- ☐ Comunicación da Comisión (2020/C 91 I/01) do 19 de marzo de 2020. Marco temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual gromo da COVID-19, e as súas modificacións
- ☐ Marco nacional temporal relativo ás medidas de axuda destinadas a apoiar a economía no contexto do actual gromo da COVID-19, en atención ao contido da Decisión da Comisión Europea SA.56851 (2020/N), do 2 de abril de 2020, e as súas modificacións
- ☒ Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) de España e anexo ratificado polo Consello de Europa na súa Decisión de 16/06/2021
- ☒ Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- ☐ Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2014-2020
- ☐ Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Feder para o período 2014-2020, modificada pola Orde HAC/114/2021, do 5 de febreiro
- ☒ Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se regula o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- ☒ Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que proporcionarán as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- ☒ Outras:
- ☒ Real decreto 948/2021, do 2 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas estatais destinadas á execución de proxectos de investimento dentro do Plan de impulso da sustentabilidade e competitividade da agricultura e a gandería (III) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia



3. Financiamento (artigo 3)

Importe total: 724.673,00 €

Fondo e programa operativo: Mecanismo de recuperación e resiliencia. PO 2021-2026

Taxa de cofinanciamento:

Modalidade de financiamento: Mecanismo de recuperación e resiliencia

Eixe:

Obxectivo temático:

Prioridade de investimento:

Obxectivo específico:

Campo de intervención:

Liña de actuación:

Aplicación orzamentaria: 14.04.713C.770.3

Código de proxecto: CP 2021 00207

Anualidades: para o ano 2022, 362.336,50 euros, para o ano 2023, 327.336,50 euros, e para o ano 2024, 35.000,00 euros

Tramitación anticipada: ☐ Si ☒ Non

4. Condición de beneficiario, requisitos que deben reunirse e excepcións e responsabilidades (artigo 4)

4.a) Requisitos que deben reunir as empresas ou as persoas traballadoras autónomas solicitantes:

1. Poderán ser beneficiarias desta subvención as persoas beneficiarias últimas que se enumeran a continuación:

a) Persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada ou pública, que sexan titulares dunha explotación agrícola ou gandeira.

b) Cando se trate de investimentos colectivos, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada ou pública, ou sen personalidade propia de acordo cos termos previstos no artigo 67.2 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, que integren un mínimo de cinco titulares de explotación e calquera organización ou asociación de produtores recoñecida pola autoridade competente cuxos membros sexan titulares dunha explotación agrícola ou gandeira.

c) Consorcios ou outra forma de colaboración público-privada, sempre que as actuacións se destinen a un uso en común e redunden en beneficio de explotacións agrícolas e gandeiras concretas, que darían o seu consentimento para que os devanditos entes soliciten a axuda.

2. As entidades beneficiarias deberán cumprir coas seguintes obrigacións en materia de emprego, sen prexuízo das eventuais limitacións respecto diso relacionadas co réxime de normativa de axudas de Estado que sexa de aplicación:

i. Ter o seu domicilio fiscal e o seu principal centro operativo en España e mantelos, polo menos, durante o período de prestación das actividades obxecto de subvención.

ii. Prestar as actividades obxecto da subvención desde centros de traballo situados en España.

iii. Contribuír á creación e mantemento en España de todo o emprego necesario para a prestación da actividade obxecto da subvención, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social no territorio nacional.

4.b) Outras circunstancias, adicionais ás previstas no artigo 4, recollidas en normas autonómicas e estatais con rango de lei, e nas normas da Unión Europea, que impiden obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria:

☒ Non se establecen.

☐ Establécense as seguintes:

4.c) Excepcións ás prohibicións previstas no artigo 4 que permiten obter a condición de empresa ou persoa traballadora autónoma beneficiaria:

☐ Non se establecen.

☒ Establécense as seguintes excepcións:

As empresas en crise non poden beneficiarse das axudas, segundo a definición recollida no artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se decláran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, non poden beneficiarse das axudas, excepto aquelas que non estaban en crise o 31 de decembro de 2019, pero que pasaron a estalo durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 30 de xuño de 2021.

CVE-DOG: e9vzpcf6-k8v4-7ez0-fly0-f4ga1nzn3r4



5. Gastos subvencionables (artigo 5)**5.a) Gastos que teñen a consideración de gastos subvencionables:**

1. Considéranse custos elixibles os que se relacionan a continuación:

a) Os custos de deseño, redacción e dirección do proxecto.

Tales gastos, para seren admitidos como custo elixible, deberán atoparse debidamente recollidos e detallados en documento ou oferta vinculante contractual formalizada co empresario ou profesional correspondente, cuxa copia se anexará xunto co resto de documentación que debe xuntarse á solicitude de axuda.

En ningún caso se admitirá que tales gastos superen o 4 % do importe da axuda solicitada, cun límite de 10.000 euros por expediente.

b) Os custos de execución das obras e instalacións, incluíndo obra civil asociada e instalacións auxiliares necesarias.

c) O investimento en bens, equipamentos e materiais de nova adquisición.

2. Non se consideran custos elixibles as licenzas, taxas, impostos ou tributos.

3. Serán actuacións subvencionables as relacionadas a continuación:

a) Actuación 1-Mellora da eficiencia enerxética en edificios, naves e instalacións auxiliares das explotacións agrícolas e gandeiras. Non se considerarán instalacións auxiliares as relacionada cos equipamentos de bombeo e rega na propia explotación.

Serán investimentos elixibles no marco da actuación 1 os relacionados a continuación, con carácter limitativo:

a) Instalación de sistemas de illamento, de recirculación do aire e sistemas de climatización e ventilación.

b) Instalación de sistemas de control e medición para optimizar o uso enerxético.

c) Substitución de caldeiras obsoletas ou alimentadas por combustibles fósiles (gas, gasóleo, fuel óleo) por caldeiras de biomasa. Non se considerará elixible a substitución dun xerador térmico por outro que utilice combustible de orixe fósil.

d) Substitución de caldeiras obsoletas de biomasa por outras máis modernas e eficientes, tamén de biomasa.

e) Investimentos específicos en eficiencia enerxética de naves gandeiras, entre outros, variadores de velocidade en bombas sen carga de sistemas de muxidura; sistemas de prearrefriamento de leite; sistemas de recuperación de enerxía.

b) Actuación 2-Valorización enerxética de esterco e de biomasa agrícola:

1º Investimentos en plantas de biogás de pequena capacidade.

2º Medidas en materia de xestión de biomasa agrícola con destino final enerxético.

As axudas dirixíranse á adquisición de maquinaria, destinada á provisión e acondicionamento de biomasa agrícola, así como á construción de centros loxísticos e investimentos en estruturas de almacenamento desta, para o seu uso final en aplicacións de alta eficiencia enerxética, entendendo como tal:

– As que, en xeración de calor, teñan unha eficiencia maior do 80 %.

– As que, en xeración eléctrica, teñan unha eficiencia maior do 55 %.

– As que, en sistemas mixtos como a coxeración, teñan unha eficiencia maior do 80 %.

As características da biomasa obtida deberán adecuarse aos requisitos especificados para os seus usos posteriores. En concreto, cando o seu uso final se realice en instalacións de uso non industrial, deberase cumprir o previsto na disposición adicional primeira do Real decreto 818/2018, do 6 de xullo, sobre medidas para a redución das emisións nacionais de determinados contaminantes atmosféricos. As máquinas que se adquiran, deben incorporar tecnoloxías que permitan unhas técnicas agrícolas máis respectuosas co ambiente e garantir a maior seguridade no traballo no campo.

Serán investimentos elixibles no marco da actuación 2 os relacionados a continuación, con carácter limitativo:

a) Instalación de plantas de biogás de baixa capacidade cuxo fin sexa cubrir as necesidades enerxéticas da explotación ou grupo de explotacións.

b) Adquisición de maquinaria para a xestión e provisión de biomasa agrícola con destino enerxético.

c) Adquisición de maquinaria para a redución de tamaño de biomasa agrícola con destino enerxético.

d) Adquisición de maquinaria para a homoxeneización, cribaxe e acondicionamento de produtos triturados procedentes de biomasa agrícola.

e) Construción de centros loxísticos e investimentos en estruturas de almacenamento de uso colectivo de biomasa agrícola con destino final enerxético.

4. Con carácter xeral, para que sexan subvencionables as actuacións deberán cumprir os seguintes requisitos de investimento mínimo:

a) Para a actuación 1: 10.000 euros/proxecto de investimento.

b) Para a actuación 2: 15.000 euros/proxecto de investimento.



5.b) Posibilidade de compensar gastos subvencionables (só no caso de subvencións para financiar investimentos ou gastos de distinta natureza):
☒ Non.

☐ Si. Poderanse compensar os seguintes gastos subvencionables:

Porcentaxe máxima que se permite compensar:

☐ Porcentaxe máxima:

☐ A porcentaxe máxima indicárase na resolución de concesión.

5.c) Custos indirectos:
☒ Non serán subvencionables.

☐ Serán subvencionables coas seguintes particularidades:

☐ Criterios de imputación e método de asignación:

☐ Fracción do custo total que se considera custo indirecto imputable á actividade subvencionada:

☐ Outras:

5.d) Prazo dentro do que deben realizarse os gastos subvencionables:
☒ Prazo: 18 meses desde a concesión da subvención

☒ A axuda solicitada debe supoñer un efecto incentivador para o proxecto ou actuación presentados

(artigo 6. Regulamento UE núm. 651/2014 da Comisión)

5.e) Período durante o cal se deben destinar os bens ao fin concreto: 5 anos
5.f) Regras en materia de amortización:
5.g) Subcontratación
☒ Non se permite

☐ Permítese nas seguintes condicións:

☐ Límite máximo:

☐ Outras:

5.h) Outras particularidades:
☐ Non se establecen particularidades

☒ Establécense as seguintes particularidades:

☒ Non terán a consideración de inicio dos traballos as seguintes actuacións: gasto de deseño, redacción e dirección do proxecto e os relativos a memorias técnicas

☒ Outras:

1. Os requisitos e a normativa que deben cumprir os investimentos elixibles dentro da actuación 1, para que sexan subvencionables, serán os seguintes:

a) Conseguir e xustificar unha redución do consumo de enerxía final dun 10 % con respecto á explotación ou edificio ou dun 30 % con respecto á instalación ou equipamento de partida.

b) O aforro de enerxía final xustificarase mediante un dos métodos de cálculo do anexo V da Directiva 2012/27/UE, do 25 de outubro de 2012. No caso de substitución de equipamentos teranse en conta as fichas técnicas.

c) Para o cálculo do aforro de enerxía final e a elixibilidade das accións será de aplicación a Recomendación (UE) 2019/1658 da Comisión, do 25 de setembro de 2019, relativa á transposición das obrigacións de aforro de enerxía en virtude da Directiva de eficiencia enerxética.

d) O aforro de enerxía final conseguido polas actuacións acollidas a este programa será computado para os efectos do cumprimento dos obxectivos de aforro de enerxía final do artigo 7 da Directiva 2012/27/UE, do 25 de outubro de 2012, de conformidade co disposto na Lei 18/2014, do 15 de outubro. Este aforro enerxético non poderá ser obxecto de dobre cómputo, polos suxeitos obrigados, para os efectos do cumprimento do obxectivo de aforro acumulado de enerxía do artigo 7 da citada directiva.

2. Os requisitos e normativa que deben cumprir os investimentos elixibles dentro da actuación 1 que inclúan caldeiras de menos de 1 MW, para que sexan subvencionables, serán os seguintes:

a) Deberán presentar unha acreditación por parte do fabricante do equipamento do cumprimento dos requisitos de eficiencia enerxética estacional e emisións para o combustible que se vaia utilizar que non poderán ser menos exixentes que os definidos no Regulamento de ecodeseño en vigor.

b) O beneficiario manterá un rexistro documental suficiente que permita acreditar que o combustible empregado no equipamento dispón dun certificado outorgado por unha entidade independente acreditada relativo ao cumprimento da clase A1 segundo o establecido na norma UNE-EN-ISO 17225-2, da clase 1 da norma UNE-EN-ISO 17225-4, da clase A1 da norma 164003 ou da clase A1 da norma 164004. Este rexistro manterase durante un prazo de cinco anos.



c) Os investimentos relativos á substitución de caldeiras deberán cumprir co Regulamento (UE) 2015/1189 da Comisión, do 28 de abril de 2015, polo que se desenvolve a Directiva 2009/125/CE do Parlamento Europeo e do Consello en relación cos requisitos de deseño ecolóxico aplicables ás caldeiras de combustible sólido, e a súa normativa derivada.

d) As caldeiras de biomasa obxecto destas axudas que se atopen incluídas no ámbito do Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, por estaren destinadas a atender a demanda de benestar térmico e hixiene das persoas, e que teñan menos de 1 MW de potencia térmica nominal, terán, ademais, que manter un rexistro documental suficiente que permita acreditar que o combustible empregado na caldeira dispón dun certificado outorgado por unha entidade independente acreditada relativo ao cumprimento da clase A1, segundo o establecido na norma UNE-EN-ISO 17225-2, da clase 1 da norma UNE-EN-ISO 17225-4, da clase A1 da norma 164003 ou da clase A1 da norma 164004. Este rexistro manterase durante un prazo de cinco anos.

A biomasa cumprirá os criterios de sustentabilidade establecidos nos artigos 29 a 31 da Directiva 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables, así como os correspondentes actos delegados e de execución.

3. Os investimentos dentro da actuación 2, para que sexan subvencionables, cumprarán coa normativa vixente que lles sexa de aplicación e, en particular:

a) Os investimentos en plantas de biogás deberán cumprir a normativa referente á xestión dos xurros; o Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias, e toda a súa normativa derivada; o Real decreto 306/2020, do 11 de febreiro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas e se modifica a normativa básica de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo; a Decisión de Execución (UE) 2017/302 da Comisión, do 15 de febreiro de 2017, pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles, e a normativa referente á xestión de residuos (Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados; o Real decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado; e o Regulamento (CE) n° 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subproductos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) n° 1774/2002).

b) Os investimentos relacionados con biomasa agrícola deberán cumprir coa Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables, así como coa súa normativa derivada, especialmente no relativo aos criterios de sustentabilidade e redución das emisións de gases de efecto invernadoiro establecidos.

4. As entidades beneficiarias deberán contribuír aos obxectivos de soberanía dixital e autonomía estratéxica da Unión Europea, así como garantir a seguridade da cadea de subministración tendo en conta o contexto internacional e a dispoñibilidade de calquera compoñente ou subsistema tecnolóxico sensible que poida formar parte da solución, mediante a adquisición de equipamentos, compoñentes, integracións de sistemas e software asociado a provedores situados na Unión Europea.

6. Contía das subvencións (artigo 6)

6.a) Determinación do importe individualizado da subvención:

- ☐ Porcentaxe máxima:
- ☐ Porcentaxe mínima:
- ☐ Importe certo:
- ☒ Outra forma:

1. A intensidade máxima das axudas, para cada unha das actuacións subvencionables, será a seguinte:

a) Para os investimentos correspondentes á actuación 1:

Límite máximo: 30 % do custo elixible.

b) Para os investimentos correspondentes á actuación 2:

Límite máximo: 45 % do custo elixible.

Estes límites poderán incrementarse, no caso dos investimentos situados en zonas asistidas recollidas na Decisión da Comisión C (2016) 7024, respectando os límites establecidos no artigo 41.9 do Regulamento (UE) n° 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, ou, no caso das axudas concedidas a pequenas empresas, poderá incrementarse en

CVE-DOG: e9wzpc6-k8v4-7ez0-fly0-f4ga1nzn3r4



20 puntos porcentuais, e en 10 puntos porcentuais se as axudas van destinadas a medianas empresas definidas no anexo I do mesmo regulamento.

2. Estas axudas estarán sometidas aos requisitos e límites establecidos no capítulo I e nos artigos 36 e 41 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

3. A contía máxima da axuda establécese en:

a) Para a actuación 1:

Beneficiarios recollidos no artigo 4.a).1.a): 50.000 euros.

Beneficiarios recollidos no artigo 4.a).1.c) ou investimentos colectivos: 150.000 euros.

b) Para a actuación 2:

Plantas de biogás:

Beneficiarios recollidos no artigo 4.a).1.a): 260.000 euros.

Beneficiarios recollidos no artigo 4.a).1.c) ou investimentos colectivos: 1.950.000 euros.

Biomasa agrícola: 975.000 euros.

6.b) Particularidades:

☒ Obrigación de financiar, por parte do beneficiario, unha porcentaxe mínima do investimento ou da actuación subvencionable con cargo ao financiamento privado exento de calquera tipo de apoio público:

☒ Non

☐ Si:

Porcentaxe mínima:

☐ Primas para determinados tipos de empresas ou pola colaboración entre distintos suxeitos:

☐ Límites da intensidade máxima da axuda:

☐ Outras:

7. Criterios de valoración (artigo 7)

7.a) Criterios de valoración:

1. A orde de prelación das solicitudes virá determinada pola suma da puntuación obtida conforme os criterios de priorización.

2. En primeiro lugar, atenderanse as solicitudes con carácter prioritario que, de acordo os criterios de priorización obtiveron algún punto, ata o esgotamento dos fondos. En caso de non esgotarse o orzamento dispoñible, procederase á concesión das axudas aos beneficiarios sen carácter de prioritarios, ata as correspondentes contías ou intensidades máximas de axuda por beneficiario.

Criterio	Parámetros	Documentación	Verificación sectorial	Ponderación
1. Plan de investimento conxunto	Polo menos cinco investimentos para realizar en cinco explotacións diferentes de entre os membros da entidade ou agrupación que presente o plan	Solicitud	Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia	5 puntos
2. Investimentos colectivos	Que vaia prestar servizo ou da cal vaian beneficiarse, polo menos, cinco explotacións diferentes de entre os membros da entidade ou agrupación solicitante	Solicitud	Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia	5 puntos
3. Explotación de titularidade compartida	Estar inscrita no Rexistro de Titularidade Compartida	Solicitud	Rexistro de Titularidade Compartida	2 puntos
4. Novo agricultor	Non ter máis de corenta anos. Titulación académica de capataz agrícola, de técnico/a ou técnico/a superior en ciclos formativos da familia profesional de actividades agrarias, ou outra titulación superior da rama agraria ou cursos relacionados coa incorporación da persoa nova cunha duración mínima de 250 horas ou cinco anos de exercicio da actividade agraria. Establecerse nunha explotación agraria por primeira vez como titular desa explotación ou aquel que se estableceu durante os cinco anos anteriores á data de solicitude da axuda	DNI Titulación académica Informe de vida laboral	Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia	2 puntos
5. Pertencer a unha entidade asociativa prioritaria		Certificado da entidade asociativa prioritaria	Rexistro nacional de Entidades Asociativas Prioritarias	1 punto



7.b) Criterios de desempate:
8. Réxime de compatibilidade das subvencións (artigo 8)
8.a) Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais:
☐ Non

☒ Si. Observacións ou motivacións sobre as normas ou as causas da compatibilidade:

1. As axudas serán compatibles con outras subvencións ou axudas que puidesen concederse para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, incluídas as *de minimis*, sempre que a axuda concedida aos beneficiarios últimos delas non supere a porcentaxe ou contía máxima da axuda prevista nesta orde e na normativa da Unión Europea aplicable en materia de axudas de Estado.

2. As axudas convocadas por esta orde serán compatibles entre si, podendo recibir un mesmo beneficiario axuda correspondente a máis dun dos programas de apoio, sempre que se garanta a ausencia de dobre financiamento para un mesmo investimento elixible ou custo subvencionable.

3. De conformidade co artigo 9 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, a axuda concedida no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia sumarase á proporcionada conforme outros programas e instrumentos da Unión. As reformas e os proxectos de investimento poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que adita axuda non cubra o mesmo custo ou investimento elixible. Así mesmo, as actuacións que sexan financiadas polo Mecanismo de recuperación e resiliencia deberán quedar claramente diferenciadas das que sexan financiadas a través doutras fontes, con identificación dos fitos ou obxectivos que a aquelas lles correspondan.

8.b) O réxime aplicable será o seguinte:
8.b.1) Axudas de estado:
☐ Non

☒ Si

☐ Regulamento *de minimis*
☐ Axudas notificadas á Comisión (as axudas notificaranse antes de aprobar as bases reguladoras. Os pagamentos quedan condicionados á autorización, expresa ou tácita, da Comisión Europea)

☐ Axudas outorgadas no marco temporal COVID-19

☒ Axudas cubertas polo Regulamento xeral de exención por categorías

8.b.2) Outras axudas:
9. Particularidades relativas ao procedemento de aplicación (artigo 9)
9.a) Condicións específicas para o outorgamento de subvencións por contía superior á que se determina na convocatoria:
☒ Non se establecen

☐ Establécense as seguintes:

9.b) Outras particularidades relativas ao procedemento de aplicación:
☒ Non se establecen peculiaridades

☐ Establécense as seguintes peculiaridades:

☐ Informe favorable previo do organismo intermedio sobre a ampliación de crédito

☐ Outras:

10. Presentación de solicitudes (artigo 10)
10.a) Declaracións responsables adicionais que deben presentar as empresas ou as persoas traballadoras autónomas solicitantes:
☒ Non se establecen

☐ Establécense as seguintes:

☐ Compromiso de conceder os dereitos e accesos necesarios para garantir que a Comisión Europea, a OLAF, o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e as autoridades nacionais exerzan as súas competencias de control


☐ Compromiso de prever medidas para cumprir a etiquetaxe verde segundo o previsto no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia

☐ Compromiso de prever medidas para cumprir a etiquetaxe dixital segundo o previsto no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia

☐ Outras:

10.b) Prazo de presentación de solicitudes: 2 meses. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

10.c) Particularidades relativas ao réxime de presentación de solicitudes:

☒ **Non se establecen particularidades**

☐ **Establécense as seguintes particularidades:**

☐ Presentación específica na oficina virtual do órgano convocante:

☐ Guía para a presentación de solicitudes: (*ligazón*)

☐ Outras:

11. Documentación complementaria (artigo 11)

11.a) Requisitos relativos á memoria da actuación:

11.b) Documentación complementaria adicional que deben presentar as empresas ou as persoas traballadoras autónomas solicitantes:

☐ **Non se establece.**

☒ **Establécese a seguinte:**

☐ Anexo normalizado de comprobación de datos de terceiras persoas

☒ Outras:

a) Acreditación da representación da persoa representante (se for o caso).

b) Orzamentos dos investimentos. Cando o importe do gasto subvencionable supere os 15.000 euros en adquisición de equipamentos ou os 40.000 euros en obras de instalación, o solicitante deberá achegar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen.

c) Contabilidade do último exercicio contable pechado e da anualidade 2019. De ser empresa intermedia, contabilidade dos dous últimos exercicios contables pechados e da anualidade 2019.

11.c) Particularidades relativas á presentación da documentación complementaria:

☒ **Non se establecen particularidades**

☐ **Establécense as seguintes particularidades:**

☐ Documentos que se consideran relevantes:

☐ Outras:

12. Comprobación de datos (artigo 12)

12.a) Consultas automáticas adicionais que realizará a Administración, salvo que exista oposición da empresa ou da persoa autónoma solicitante:

☐ **Non se establecen**

☐ **Establécense as seguintes:**

☒ Rexistro de Titularidades Reais creado pola Orde JUS/319/2018. Este rexistro cederá información ao Sistema de fondos europeos, segundo as previsións contidas na normativa europea e nacional que resulte de aplicación.

☒ Outras bases de datos administrativas que informen sobre titularidades reais. Estes sistemas cederán información ao Sistema de fondos europeos, segundo as previsións contidas na normativa europea e nacional que resulte de aplicación.

☒ Outras:

– Inhabilitación para obter subvencións e axudas

– Concesión de subvencións e axudas

– Concesións pola regra *de minimis*



- Vida laboral
- Vida laboral da empresa
- Imposto de actividades económicas ampliado (IAE)
- Certificado de renda (IRPF) da persoa solicitante
- Domicilio fiscal
- Título oficial non universitario da persoa solicitante
- Título oficial universitario da persoa solicitante

12.b) Particularidades relativas á comprobación de datos por parte da Administración:

- ☐ Non se establecen particularidades
- ☒ Establécense as seguintes particularidades:

☐ Autorización da persoa solicitante para que o organismo intermedio do programa operativo consulte a información da Administración pública competente relativa á obrigação de manter a actividade e/ou o emprego

☒ Aceptación da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que resulte de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

☐ Outras:

13. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude, notificacións e publicacións (artigos 14, 21 e 24)
13.a) Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

- ☒ Non se establecen
- ☐ Establécense os seguintes:

- ☐ Presentación específica na oficina virtual do órgano convocante:
- ☐ Outros

13.b) Notificacións e publicacións

- ☐ Lugar de publicación dos actos administrativos (distinto do DOG): *páxina web, oficina virtual, etc.*
- ☐ Sistema específico para as notificacións complementarias electrónicas (distinto de Notifica.gal):
- ☐ Medio para a publicidade das subvencións concedidas, individualmente consideradas, de importe inferior a 3.000 €:
- ☐ Outras peculiaridades:

14. Órganos competentes (artigos 15 a 17)
14.a) Órgano instructor: Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural

- ☐ Outras funcións:

14.b) Órgano competente para resolver: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Natureza da súa actuación:

- ☐ No uso das competencias atribuídas por:
- ☒ Por delegación de: a persoa titular da Consellería do Medio Rural, en virtude da orde da Consellería do Medio Rural do 17 de novembro de 2015

14.c) Comisión de valoración
14.c.1) Composición:

Presidencia: persoa titular do Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario

Vogalías: 2 persoas dependentes do Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario

Secretaría: persoa funcionaria do Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario con categoría non inferior a xefe de negociado

14.c.2) Outras funcións:
14.d) Outras funcións para desempeñar por órganos ou por unidades distintos dos anteriores:
14.e) Particularidades relativas aos órganos competentes, ao proceso de avaliación ou á proposta de resolución:

- ☒ Non se establecen peculiaridades
- ☐ Establécense as seguintes peculiaridades:



15. Resolución (artigo 18):

15.a) Prazo máximo de resolución do procedemento: seis meses contados a partir da data de publicidade do extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

15.b) Particularidades relativas á resolución:

☒ Non se establecen peculiaridades

☐ Establécense as seguintes peculiaridades:

☐ A resolución de concesión das axudas *de minimis* informará do importe do equivalente da subvención bruta

☐ A resolución de concesión queda condicionada á verificación das seguintes circunstancias:

☐ Compromiso indicado no número 10.a) do cadro de especificacións relativo á concesión dos dereitos e accesos necesarios para a execución das competencias de control

☐ Outras circunstancias condicionantes:

☐ Outras:

16. Réxime de recursos (artigo 19)

16.a) Órgano xurisdiccional contencioso-administrativo con sede en: Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

16.b) Particularidades relativas ao réxime de recursos:

☒ Non se establecen peculiaridades

☐ Establécense as seguintes peculiaridades:

17. Modificación da resolución de concesión (artigo 25)

17.a) A empresa ou a persoa traballadora autónoma beneficiaria da subvención pode instar do órgano concedente a iniciación do procedemento para modificar a resolución de concesión:

☒ Non.

☐ Si.

17.b) A modificación das resolucións de concesión poderá consistir en:

17.c) O prazo para presentar as solicitudes de modificación será o seguinte:

17.d) Particularidades relativas ao réxime de modificación da resolución:

☐ Non se establecen peculiaridades

☐ Establécense as seguintes peculiaridades:

18. Obrigacións das empresas ou das persoas traballadoras autónomas beneficiarias (artigo 26)

18.a) Requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto:

☒ As accións de información e comunicación contarán co emblema da Unión Europea e a referencia ao fondo europeo que financia a actuación

☒ Nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo de A3 nun lugar destacado e visible

☒ Informar a través da páxina web, en caso de dispoñer dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada.

☒ Exhibir de forma correcta e destacada o emblema da UE cunha declaración de financiamento adecuado que indique "Financiado pola Unión Europea-*NextGenerationEU*", xunto ao logo do PRTR dispoñible na ligazón <https://planderrecuperacion.gob.es/identidad-visual>, en particular cando promovan accións e os seus resultados, facilitarán información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

☐ Outros:

18.b) Outras obrigacións e condicións específicas:

☐ Non se establecen.

☒ Establécense as seguintes:

☒ Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade, que permita cumprir os requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) núm. 1304/2013, e presentar os indicadores de produtividade e resultado a que se refire o anexo I do devandito regulamento, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046.



Os indicadores de produtividade relativos á persoa solicitante refírense á data inmediatamente anterior ao comezo da vinculación do/da participante coa actuación subvencionada, mentres que os indicadores de resultado inmediato deberán referirse ao período comprendido entre o día posterior ao da finalización da súa vinculación coa operación e as catro semanas seguintes, no período de xustificación da correspondente subvención.

A Administración poderá requirir novos datos no prazo de seis meses dende que finalice a vinculación do/da participante coa actividade cofinanciada, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no citado regulamento.

☒ Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade, que permita cumprir os requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados enumerados no artigo 6 do Regulamento (UE) núm. 1301/2013, e presentar os indicadores de produtividade e resultado a que se refire o anexo I do devandito Regulamento, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046.

☒ Conservar os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de 5 anos a partir da recepción do último pagamento.

☐ Outras:

19. Xustificación e pagamento (artigos 27 e 28)

19.a) A modalidade do pagamento será a seguinte:

- ☒ Pagamento do 100 % do importe da subvención.
☐ Pagamento fraccionado, mediante pagamentos á conta.

Garantías:

- ☐ Non se establecen.
☐ Si se establecen, nos seguintes termos:

Forma:

Contía:

Órgano en cuxo favor constituír:

Procedemento de cancelación:

19.b) Pagamento anticipado.

Condições para que as empresas ou as persoas autónomas beneficiarias poidan solicitar esta forma de pagamento:

Documentación que debe achegarse á solicitude de anticipo:

Porcentaxe de anticipo prevista (máximo do 80 %): 30 %

Garantías:

- ☒ Non se establecen.
☐ Si se establecen, nos seguintes termos:

Forma:

Contía:

Órgano en cuxo favor constituír:

Procedemento de cancelación:

Secuencia do pagamento anticipado:

NÚM. PAGAMENTO	IMPORTE OU PORCENTAXE DE PAGAMENTO	MOMENTO OU DATA DE PAGAMENTO	PAZO DE XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO	IMPORTE OU PORCENTAXE XUSTIFICADO DE PAGAMENTOS ANTERIORES

19.c) Peculiaridades relativas ao réxime de pagamentos:

- ☐ Non se establecen peculiaridades
☒ Establécense as seguintes peculiaridades:
☐ Presentación específica da solicitude de pagamento na oficina virtual do órgano convocante:
☒ Outras:

Atendendo ao artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase conceder unha ampliación do prazo establecido, que non exceda a metade deste, se as circunstancias se aconsella e con isto non se prexudican dereitos dun terceiro. Esta ampliación deberá solicitarse cunha anterioridade de, polo menos, 1 mes antes de que remate o prazo de execución.



Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de xustificación. Os acordos sobre ampliación dos prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso

19.d) Prazo de presentación da solicitude de pagamento: 18 meses desde a concesión da subvención.

19.e) Documentación xustificativa adicional que deberá presentar a empresa ou a persoa traballadora autónoma beneficiaria:

☐ **Non se establece**

☒ **Establécese a seguinte:**

☐ **Método OCS:**

☐ Documentación xustificativa da implantación do método

☒ **Conta xustificativa simplificada:**

☒ Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, en que se indiquen as actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, se é o caso, o disposto no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia.

☒ Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data do pagamento. No caso de que a subvención se outorgue de acordo cun orzamento estimado, indicaranse as desviacións producidas

☒ Detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, en que se indique o importe e a súa procedencia.

☐ Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

☐ **Anexo normalizado de comprobación de datos de terceiras persoas**

☒ **Outra:**

Contabilidade do último exercicio contable pechado.

Permisos administrativos (licenzas, autorizacións), de ser o caso.

Anexo X, declaración responsable sobre principios transversais, Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

19.f) Particularidades relativas ao réxime de xustificación da subvención:

☒ **Non se establecen peculiaridades**

☐ **Establécense as seguintes peculiaridades:**

☐ Guía para a xustificación (*ligazón*)

☐ Documentos que se consideran relevantes:

☐ Requisitos específicos da memoria xustificativa da actuación:

☐ Requisitos específicos da memoria xustificativa económica:

☐ Outras:

20. Perda do dereito á subvención e reintegro (artigo 29)

Particularidades relativas ao réxime de reintegro da subvención:

☒ **Non se establecen peculiaridades**

☐ **Establécense as seguintes peculiaridades:**

21. Réxime de control (artigo 31)

Particularidades relativas ao réxime de control da subvención:

☐ **Non se establecen peculiaridades**

☒ **Establécense as seguintes peculiaridades:**

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá poñer os devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web <https://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>. Sen prexuízo, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI) (<https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-ciudadania>).

22. Entrada en vigor: o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

CVE-DOG: e9wzpc6-k8v4-7ez0-ftyo-f4ga1nzon3r4



ANEXO IV

CADRO DE ESPECIFICACIÓNS

Agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro

1. Obxecto e actuacións subvencionables (artigo 1)

1.a) Obxecto.

Definición: apoiar a agricultura e a gandería de precisión que contribúe de maneira significativa á seguridade alimentaria, á inocuidade dos alimentos e a promover unhas prácticas agrarias máis sustentables. A revolución dixital será fundamental na loita contra o cambio climático, polo que se necesita impulsar o desenvolvemento e a implantación das devanditas tecnoloxías, a difusión da súa utilidade e a formación de usuarios para aproveitar todo o seu potencial

Código do procedemento: MR406E

1.b) Planificación:

- ☒ Plan: Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Mecanismo de recuperación e resiliencia
- ☒ Encaixe estrutural no plan:
 - ☐ Eixe:
 - ☐ Prioridade/prioridade de investimento:
 - ☒ Obxectivo estratéxico/operativo/instrumental: mellorar a resiliencia e a competitividade dun sector económico estratéxico como o sector agroalimentario, apoiando a consecución dos obxectivos climáticos, ambientais e de descarbonización da economía
 - ☒ Política panca: política número 1 «Axenda urbana e rural, loita contra o despoboamento e desenvolvemento da agricultura»
 - ☒ Compoñente: compoñente 3 «Transformación ambiental e dixital do sector agroalimentario e pesqueiro»,
 - ☒ Medida: investimento 4 «Plan de impulso da sustentabilidade e competitividade da agricultura e a gandería (III): investimentos en agricultura de precisión, eficiencia enerxética e economía circular no sector agrícola e gandeiro»
 - ☒ Contribución á transición ecolóxica: 40%
 - ☒ Contribución á transformación dixital: 6%
 - ☒ Subproxecto:
 - ☒ Nome: Agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro en Galicia
 - ☐ Descrición:
 - ☐ Localizador:
 - ☐ Fitos/obxectivos críticos:
 - ☐ Período de cumprimento:
 - ☐ Fitos/obxectivos non críticos:
 - ☐ Período de cumprimento:
 - ☐ Liña de acción:
 - ☐ Actuación:
 - ☐ Actividade:
 - ☐ Tarefa:

1.c) Particularidades relacionadas coa execución do obxecto:

1. Para os efectos desta orde, serán de aplicación as definicións recollidas no artigo 2 do Regulamento (UE) n° 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño, e do Regulamento (UE) n° 702/2014, da Comisión, do 25 de xuño de 2014, así como nas directrices da Unión Europea aplicables ás axudas estatais nos sectores agrícola e forestal e nas zonas rurais de 2014 a 2020 (2014/C 204/01).
2. Así mesmo, para os efectos desta orde, entenderase como:
 - a) Plan de investimento conxunto: aquel promovido, no marco dun mesmo expediente, por parte de entidades asociativas e empresariais do ámbito agrario recoñecidas e cuxos integrantes sexan agricultores e/ou gandeiros, ou de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada, ou sen personalidade, que se constitúan especificamente para contribuír á finalidade desta orde, relativo a varias solicitudes de proxectos de investimento de entre os previstos nesta orde que vaian executarse nas explotacións agrícolas e gandeiras, e que deberán recoller, polo menos, cinco investimentos para realizar en cinco explotacións diferentes de entre os membros da entidade ou agrupación que presente o plan de investimento conxunto.



- b) Novo agricultor: a persoa que, no momento de presentar a solicitude de axuda, non ten máis de corenta anos, conta coa capacitación e a competencia profesional adecuada e se establece nunha explotación agraria por primeira vez como titular desa explotación, ou aquel que se estableceu durante os cinco anos anteriores á data de solicitude da axuda.
- c) Explotación gandeira: calquera instalación, construción ou, no caso de cría ao aire libre, calquera lugar en que se teñan, críen ou manexen animais con fins lucrativos, inscrita no Rexistro de Explotacións Gandeiras conforme o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA).
- d) Explotación agrícola: o conxunto de unidades de produción agrícola administradas por un mesmo agricultor, en cada campaña, que se atope rexistrada no Rexistro Xeral da Produción Agrícola (Rexepa) establecido polo Real decreto 9/2015, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene na produción primaria agrícola.
- e) Investimento colectivo: aquel promovido no marco dunha mesma solicitude, por parte de entidades asociativas e empresariais do ámbito agrario recoñecidas, e cuxos integrantes sexan agricultores e/ou gandeiros, ou de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada, ou sen personalidade, que se constitúan especificamente para contribuír á finalidade desta orde, relativo a un investimento de entre os recollidos nesta orde, que vaia prestar servizo ou do cal vaian beneficiarse, polo menos, cinco explotacións diferentes de entre os membros da entidade ou agrupación solicitante.
- f) Agricultura e gandería de precisión: é unha estratexia de xestión que recolle, procesa e analiza datos temporais, espaciais e individuais, e combínalos con outras informacións para apoiar a toma de decisións de manexo de acordo coa variabilidade estimada, e así mellorar a eficiencia no uso de recursos, a produtividade, a calidade, a rendibilidade e a sustentabilidade da produción agraria.
- g) Traballo variable: tecnoloxías que permiten distribuír insumos de forma diferente para adaptarse ao estado do cultivo ou do terreo en toda a explotación agrícola. A propia máquina ou dispositivos instalados deben recoller e almacenar a información asociada ás operacións realizadas.
- h) Mapeo: tecnoloxías que permiten xeolocalizar e vincular a un momento do tempo a información recollida e/ou almacenada pola máquina ou dispositivos axustados a esta relativa a diferentes aspectos do traballo realizado.
- i) Comunicación: tecnoloxías que permiten a unha máquina comunicarse con outras máquinas e/ou software do propio fabricante ou doutros, mediante cables ou de maneira inalámbrica.
- j) Tecnoloxías 4.0: aquelas que inclúen traballo variable, mapeamento e comunicación.

2. Réxime xurídico específico aplicable (artigo 2)

Con carácter específico, as presentes subvencións rexeranse polas normas que seguidamente se relacionan:

- ☐ Regulamento (UE) núm. 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre as disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego, e polo que se deroga o Regulamento (CE) núm. 1080/2006
- ☐ Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se deroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello
- ☐ Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo ao Fondo Social Europeo
- ☐ Regulamento núm. 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ☐ Regulamento (CE) núm. 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis*
- ☐ Regulamento (CE) núm. 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector agrícola
- ☐ Regulamento (UE) núm. 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
 - ☐ Regulamento (UE) núm. 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado
 - ☐ Regulamento (CE) núm. 717/2014, da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura
 - ☒ Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os regulamentos (UE) núm. 1296/2013, (UE) núm. 1301/2013, (UE) núm. 1303/2013, (UE) núm. 1304/2013, (UE) núm. 1309/2013, (UE) núm. 1316/2013,



(UE) núm. 223/2014 e (UE) núm. 283/2014 e a Decisión núm. 541/2014/UE e polo que se deroga o Regulamento (UE, Euratom) núm. 966/2012

☐ Regulamento (UE) 2019/316, da Comisión, do 21 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento (UE) núm. 1408/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector agrícola

☐ Regulamento (UE) 2020/460, do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de marzo, polo que se modifica, entre outros, o Regulamento (UE) núm. 1303/2013 no relativo ás medidas específicas para mobilizar investimentos nos sistemas de atención sanitaria dos Estados membros e noutros sectores das súas economías, en resposta ao gromo da COVID-19

☐ Regulamento (UE) 2020/558, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril, polo que se modifican, entre outros, o Regulamento (UE) núm. 1303/2013 no que respecta a medidas específicas para ofrecer unha flexibilidade excepcional no uso dos fondos estruturais e de investimento europeos en resposta ao gromo da COVID-19 (iniciativas de investimento en resposta ao coronavirus)

☐ Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088

☒ Regulamento (UE) núm. 2020/2094, do Consello, do 14 de decembro, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea, para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19

☐ Regulamento (UE, Euratom) 2020/2093, do Consello, do 17 de decembro, polo que se establece o marco financeiro plurianual para o período 2021-2027

☐ Regulamento (UE) 2020/2021, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de decembro, polo que se modifica o Regulamento (UE) núm. 1303/2013 no que respecta aos recursos adicionais e ás disposicións de execución co fin de prestar asistencia para favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia da COVID-19 e as súas consecuencias sociais e para preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía (REACT UE)

☒ Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia

☐ Comunicación da Comisión (2020/C 91 I/01), do 19 de marzo. Marco temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual gromo da COVID-19, e as súas modificacións

☐ Marco nacional temporal relativo ás medidas de axuda destinadas a apoiar a economía no contexto do actual gromo da COVID-19, en atención ao contido da Decisión da Comisión Europea SA.56851 (2020/N), do 2 de abril, e as súas modificacións

☒ Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) de España e anexo ratificado polo Consello de Europa na súa Decisión de 16/06/2021

☒ Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

☐ Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2014-2020

☐ Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Feder para o período 2014-2020, modificada pola Orde HAC/114/2021, do 5 de febreiro

☒ Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se regula o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

☒ Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas das compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

☒ Outras:

☒ Real decreto 948/2021, do 2 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas estatais destinadas á execución de proxectos de investimento dentro do Plan de impulso da sustentabilidade e competitividade da agricultura e a gandería (III) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

☒ Regulamento (UE) 702/2014, da Comisión, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea

3. Financiamento (artigo 3)

Importe total: 1.871.536,00 €

Fondo e programa operativo: Mecanismo de recuperación e resiliencia. PO 2021-2026

CVE-DOG: e9wzpc6-k8v4-7ez0-fly0-f4ga1nzon3r4



Taxa de cofinanciamento:

Modalidade de financiamento: Mecanismo de recuperación e resiliencia

Eixe:

Obxectivo temático:

Prioridade de investimento:

Obxectivo específico:

Campo de intervención:

Liña de actuación:

Aplicación orzamentaria: 14.04.713C.770.3

Código de proxecto: CP 2021 00208

Anualidades: para o ano 2022, 935.768,00 euros, para o ano 2023, 845.768,00 euros, e para o ano 2024, 90.000,00 euros

Tramitación anticipada: ☐ Si ☒ Non

4. Condición de beneficiario, requisitos que deben reunirse e excepcións e responsabilidades (artigo 4)

4.a) Requisitos que deben reunir as empresas ou as persoas traballadoras autónomas solicitantes:

1. Poderán ser beneficiarios desta subvención as persoas beneficiarias últimas que se enumeran a seguir:

- a) Persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada ou pública, que sexan titulares de explotacións gandeiras e/ou agrícolas sempre que teñan a consideración de pemes.
- b) Persoas físicas ou xurídicas que presten servizos agrarios, entendendo por tales quen desenvolva actividades económicas rexistradas na epígrafe 911, na 912 ou na 851 no imposto de actividades económicas, sempre que teñan a consideración de pemes.
- c) Cando se trate de investimentos colectivos, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada ou pública, ou sen personalidade propia de acordo cos termos previstos no artigo 67.2 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, que integren un mínimo de cinco titulares de explotación sempre que teñan a consideración de pemes e calquera organización ou asociación de produtores recoñecida pola autoridade competente cuxos membros sexan titulares dunha explotación agrícola e/ou gandeira.
- d) Consorcios ou outra forma de colaboración público-privada, sempre que os proxectos de investimento se destine a un uso en común e redunden en beneficio de explotacións concretas que teñan a consideración de pemes, cuxos titulares darían o seu consentimento para que os devanditos entes soliciten a axuda.

2. Á solicitude da axuda deberá xuntarse dunha memoria descritiva do proxecto de investimento que incluírá, como mínimo:

Avaliación por un técnico cualificado da compatibilidade da maquinaria coas tecnoloxías presentes na explotación.

- a) Número de potenciais usuarios e hectáreas ou cabezas de gando.
- b) Obxectivo ou obxectivos dos citados no artigo 38.2 letra c), que se pretenden alcanzar cos investimentos realizados.
- c) Un plan de difusión onde se recolla a planificación de polo menos unha xornada durante o ano posterior á adquisición e o compromiso de participación en polo menos unha xornada de demostración que organice as autoridades competentes. Exclúense deste requisito os solicitantes descritos na alínea a) do artigo 37.1.
- d) Un plan de formación cunha duración mínima de 25 horas que garanta o correcto uso e a aplicación práctica das tecnoloxías obxecto deste programa de apoio, que poderá organizar o comercializador, as organizacións profesionais agrarias ou outros axentes do medio rural. A duración exixida para o plan de formación pode resultar da suma de diferentes cursos ou programas de formación sobre agricultura de precisión en xeral e sobre o uso do investimento realizado en particular, incluíndo o curso de posta en marcha, realizados polo solicitante a condición de que os obxectivos sexan os definidos neste programa de apoio.

3. As entidades beneficiarias deberán cumprir coas seguintes obrigacións en materia de emprego, sen prexuízo das eventuais limitacións respecto diso relacionadas co réxime de normativa de axudas de Estado que sexa de aplicación:

- i. Ter o seu domicilio fiscal e o seu principal centro operativo en España e mantelos, polo menos, durante o período de prestación das actividades obxecto de subvención.
- ii. Prestar as actividades obxecto da subvención desde centros de traballo situados en España.
- iii. Contribuír á creación e ao mantemento en España de todo o emprego necesario para a prestación da actividade obxecto da subvención, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social no territorio nacional.

4.b) Outras circunstancias, adicionais ás previstas no artigo 4, previstas en normas autonómicas e estatais con rango de lei e nas normas da Unión Europea, que impiden obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria:

- ☒ Non se establecen.
- ☐ Establécense as seguintes:

4.c) Excepcións ás prohibicións previstas no artigo 4 que permiten obter a condición de empresa ou persoa traballadora autónoma beneficiaria:

- ☐ Non se establecen.
- ☒ Establécense as seguintes excepcións:



As empresas en crise non poden beneficiarse das axudas, segundo a definición recollida no artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, non poden beneficiarse das axudas, excepto aquelas que non estaban en crise o 31 de decembro de 2019, pero que pasaron a estalo durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 30 de xuño de 2021.

5. Gastos subvencionables (artigo 5)

5.a) Gastos que teñen a consideración de gastos subvencionables:

1. Considéranse custos elixibles os que se relacionan a seguir:

a) Os custos da avaliación.

Tales gastos, para seren admitidos como custo elixible, deberán de atoparse debidamente recollidos e detallados en documento ou oferta vinculante contractual formalizada co empresario ou profesional correspondente, cuxa copia se xuntará co resto de documentación que debe ir coa solicitude de axuda.

En ningún caso se admitirá que tales gastos superen o 4 % do importe da axuda solicitada, cun límite de 10.000 euros por expediente.

b) A adquisición de licenzas de software, maquinaria e equipamentos agrarios incluídos na seguinte listaxe:

Tecnoloxías/máquinas	Requisitos mínimos ^{(1),(2)}
Abonadoras.	Traballo variable, mapeamento, comunicación.
Maquinaria para labra e preparación do terreo.	Traballo variable, mapeamento, comunicación.
Autocargadores de forraxe.	Traballo variable, comunicación.
Colleitadoras e outros equipamentos de recolección.	Traballo variable, mapeamento, comunicación.
Empacadoras.	Traballo variable, mapeamento, comunicación.
Esparexedores de esterco.	Traballo variable, mapeamento, comunicación.
Maquinaria para leñosos (preparadoras, esfoladoras, trituradoras).	Traballo variable, mapeamento, comunicación.
Tanque distribuidor de xurro con sistemas de localización de produto.	Traballo variable, mapeamento, comunicación.
Carro mesturador con análise NIR da ración.	Traballo variable, mapeamento, comunicación.
Picadoras de forraxe.	Traballo variable, mapeamento, comunicación.
Equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios.	Traballo variable, mapeamento, comunicación.
Remolques agrícolas.	Traballo variable, comunicación.
Segadoras.	Traballo variable, mapeamento, comunicación.
Sementadoras e plantadoras.	Traballo variable, mapeamento, comunicación.
Tractores.	Traballo variable, mapeamento, comunicación.
Máquinas portátiles.	Comunicación.
Robot deluvador autónomo e outros equipamentos deluvadores.	Traballo variable, mapeamento.
Robot para toma de datos.	Traballo variable, mapeamento.
Robot multipropósito.	Traballo variable, mapeamento, comunicación.
Manipuladoras telescópicas.	Traballo variable, mapeamento, comunicación.
Análise e xestión de ración en carro mesturador.	
Sensor de nutrientes NIR.	
Equipamento autónomo de mapeamento para engadir a calquera equipamento.	
Equipamento con sensores de rendemento e humidade para engadir a calquera equipamento.	
Autoguiado.	
Sistema de pesada e dosificación.	
Dotación para complementar traballo variable.	
Kit de adaptación Isobus.	
Receptores de sinal.	
Estacións fixas RKT.	
Pneumáticos.	Comunicación.



Tecnoloxías/máquinas	Requisitos mínimos ^{(1),(2)}
Compoñentes de comunicación para dotar de telemetría a maquinaria.	
Programa de xestión de frotas.	Comunicación.
Sistemas de precisión para a xestión do gando (dispositivos de xeolocalización do gando, sistemas de virtual <i>fencing</i> , caracterización por infravermellos de estados corporais, redución de antibióticos, etc.).	
LPWAN para despregamento en actuacións colectivas.	Conectividade de polo menos 15 km de diámetro.
Sensórica (detección de condicións climáticas, composición chan, rega e humidade, detección enfermidades, etc.).	Comunicación.
Software de xestión ou analítico (recomendacións de tratamentos e riscos, Informes automatizados, predictibilidade de produción, etc.).	Comunicación.

⁽¹⁾ Polo menos un dos requisitos para que poida ser considerado agricultura de precisión. Se se opta polas fases máis avanzadas de desenvolvemento de máquinas, deberán conter as funcións anteriores.

⁽²⁾ Á parte dos implícitos na propia definición.

c) Os gastos de contratación dos servizos de asesoramento especializado no uso da maquinaria e dispositivos para a aplicación práctica das tecnoloxías obxecto deste programa de apoio, cuxo importe máximo non superará en ningún caso o 10 % da contía correspondente ao proxecto de investimento solicitado.

2. Non se consideran custos elixibles as taxas, impostos ou tributos. Tampouco se considerarán gastos subvencionables os servizos prestados por persoas, entidades ou empresas vinculadas co beneficiario último da axuda, entendendo por tales as que respondan á definición do artigo 68.2 do regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

3. Non se concederán axudas aos proxectos solicitados cando súa contía non supere un importe mínimo de 5.000 euros.

5.b) Posibilidade de compensar gastos subvencionables (só no caso de subvencións para financiar investimentos ou gastos de distinta natureza):

☒ Non.

☐ Si. Poderanse compensar os seguintes gastos subvencionables:

Porcentaxe máxima que se permite compensar:

☐ Porcentaxe máxima:

☐ A porcentaxe máxima indicárase na resolución de concesión.

5.c) Custos indirectos:

☒ Non serán subvencionables.

☐ Serán subvencionables coas seguintes particularidades:

☐ Criterios de imputación e método de asignación:

☐ Fracción do custo total que se considera custo indirecto imputable á actividade subvencionada:

☐ Outras:

5.d) Prazo dentro do que deben realizarse os gastos subvencionables:

☒ Prazo: 18 meses desde a concesión da subvención

☒ A axuda solicitada debe supoñer un efecto incentivador para o proxecto ou a actuación presentados (artigo 6.

Regulamento UE núm. 651/2014, da Comisión)

5.e) Período durante o cal se deben destinar os bens ao fin concreto: 5 anos

5.f) Regras en materia de amortización:

5.g) Subcontratación

☒ Non se permite

☐ Permítese nas seguintes condicións:

☐ Límite máximo:

☐ Outras:

5.h) Outras particularidades:

☐ Non se establecen particularidades

☒ Establécense as seguintes particularidades:

☒ Non terán a consideración de inicio dos traballos as seguintes actuacións: gasto de deseño, redacción e dirección do proxecto e os relativos a memorias técnicas

☒ Outras:

1. A maquinaria e os equipamentos subvencionables deben reunir os seguintes requisitos:

a) Deben ser máquinas e equipamentos de primeira adquisición.



b) Terán que ser compatibles coas máquinas auxiliares presentes na explotación ou coas que deban funcionar conxuntamente, xa sexan adquiridas dentro do obxecto deste programa de axudas ou xa estean dispoñibles na explotación.

c) A súa adquisición irá orientada a algún dos obxectivos seguintes e así se xustificará na memoria:

1º Mellora da xestión gandeira.

2º Redución do uso de produtos químicos, en particular produtos fitosanitarios e fertilizantes.

3º Control de rastrexabilidade e calidade nos cultivos na fase de sementeira e na labra. Redución da erosión.

4º Control de rastrexabilidade e calidade na recolección.

5º Reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro e a diminución combustible necesaria.

d) No caso de que sexa un dispositivo que actualice unha máquina existente, debe ser compatible con ela.

2. As entidades beneficiarias deberán contribuír aos obxectivos de soberanía dixital e autonomía estratéxica da Unión Europea, así como garantir a seguridade da cadea de subministración tendo en conta o contexto internacional e a dispoñibilidade de calquera compoñente ou subsistema tecnolóxico sensible que poida formar parte da solución, mediante a adquisición de equipamentos, compoñentes, integracións de sistemas e software asociado a provedores situados na Unión Europea.

6. Contía das subvencións (artigo 6)

6.a) Determinación do importe individualizado da subvención:

☐ Porcentaxe máxima:

☐ Porcentaxe mínima:

☐ Importe certo:

☒ Outra forma:

1. A intensidade máxima da axuda será do 40 % dos custos elixibles.

Con todo, este límite poderá incrementarse 20 puntos porcentuais, no caso dos investimentos colectivos, nos realizados polos consorcios ou outra forma de colaboración público-privada ou de beneficiarios que teñan a condición de novos agricultores.

2. A contía máxima da axuda será de 300.000 euros.

3. Estas axudas estarán sometidas aos requisitos e límites establecidos no capítulo I e no artigo 14 do Regulamento (UE) nº 702/2014, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

6.b) Particularidades:

☒ Obrigación de financiar, por parte do beneficiario, unha porcentaxe mínima do investimento ou da actuación subvencionable con cargo ao financiamento privado exento de calquera tipo de apoio público:

☒ Non

☐ Si:

Porcentaxe mínima:

☐ Primas para determinados tipos de empresas ou pola colaboración entre distintos suxeitos:

☐ Límites da intensidade máxima da axuda:

☐ Outras:

7. Criterios de valoración (artigo 7)

7.a) Criterios de valoración:

1. A orde de prelación das solicitudes virá determinado pola suma da puntuación obtida conforme aos criterios de priorización.

2. En primeiro lugar, atenderanse as solicitudes con carácter prioritario que, de acordo cos criterios de priorización, obtiveron algún punto, ata o esgotamento dos fondos. En caso de non esgotarse o orzamento dispoñible, procederase á concesión das axudas aos beneficiarios sen carácter de prioritarios, ata as correspondentes contías ou intensidades máximas de axuda por beneficiario.

Criterio	Parámetros	Documentación	Verificación sectorial	Ponderación
1. Plan de investimento conxunto	Polo menos cinco investimentos para realizar en cinco explotacións diferentes de entre os membros da entidade ou agrupación que presente o plan	Solicitud	Registro de Explotacións Agrarias de Galicia	5 puntos
2. Investimentos colectivos	Que vaia prestar servizo ou da cal vaian beneficiarse, polo menos, cinco explotacións diferentes de entre os membros da entidade ou agrupación solicitante	Solicitud	Registro de Explotacións Agrarias de Galicia	5 puntos



Criterio	Parámetros	Documentación	Verificación sectorial	Ponderación
3. Explotación de titularidade compartida	Estar inscrita no Rexistro de Titularidade Compartida	Solicitud	Rexistro de Titularidade Compartida	2 puntos
4. Novo agricultor	Non ter máis de corenta anos. Titulación académica de capataz agrícola, de técnico/a ou técnico/a superior en ciclos formativos da familia profesional de actividades agrarias, ou outra titulación superior da rama agraria ou cursos relacionados coa incorporación da persoa nova cunha duración mínima de 250 horas ou cinco anos de exercicio da actividade agraria. Establecerse nunha explotación agraria por primeira vez como titular desa explotación ou aquel que se estableceu durante os cinco anos anteriores á data de solicitude da axuda	DNI Titulación académica Informe de vida laboral	Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia	2 puntos
5. Pertencer a unha entidade asociativa prioritaria		Certificado da entidade asociativa prioritaria	Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias	1 punto
6. Proxectos de investimento realizados polos beneficiarios recollidos na letra b) e d) do punto 4.a).1 que propician o uso en común da maquinaria ou os dispositivos		Solicitud		2 puntos
7. Equipamento de agricultura de precisión completo ou equipamento existente adaptado ás tecnoloxías de agricultura de precisión		Solicitud		2 puntos por cada un, ata un máximo de 6 puntos
